Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre as previsións respecto da xestión do Banco de Terras de Galicia tras a disolución da sociedade anónima Bantegal, e as repercusións desta medida

- 08/INT-0334(29510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre os motivos da Consellería do Medio Rural para contratarlle a unha empresa privada a planificación e coordinación da estratexia na loita contra os incendios forestais, as previsións ao respecto e as actuacións que vai desenvolver a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A., Seaga

- 08/INT-0335(29513)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Verdes Gil, Sonia  
Sobre as modificacións introducidas pola Orde da Consellería do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010 e as reducións

derivadas da exclusión de superficies admisibles das axudas da liña de control integrado dentro do contrato de explotación sustentable

- 08/INT-0336(29516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a organización do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais para a campaña do ano 2010, a posta en marcha do dispositivo humano, así como a dotación de medios técnicos, materiais e os equipamentos, e as previsións ao respecto

- 08/INT-0339(29527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar e 2 deputados máis

Sobre a valoración das actuacións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no exercicio de 2009, o mantemento polo Goberno galego das previsións do Plan de inspección urbanística para o ano 2010 e as actuacións diferenciais que se van incluír

- 08/INT-0340(29534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto da lingua galega

- 08/INT-0341(29576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o cumprimento dos acordos do Pacto local no referido á asunción por parte do Goberno galego dos gastos de mantemento dos centros de saúde

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.1. Preguntas orais en Pleno

#### Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-0961 (29107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas respecto da licitación de obra pública no ano 2010

- 08/POP-0962(29108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a creación do Consorcio de Transporte Metropolitano de Galicia

- 08/POP-0963(29109)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do grao de implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia no ano 2010

- 08/POP-0964(29110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a aprobación do Plan de modernización do transporte público en Galicia

- 08/POP-0965(29111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre o grao de cumprimento do Plan Move no ano 2009

- 08/POP-0966(29113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as actuacións que se van desenvolver dentro do Plan Move no ano 2010

- 08/POP-0967(29115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro

Sobre as xestións levadas a cabo fronte ao Ministerio de Fomento respecto da inclusión no novo Plan estratéxico de infraestruturas terrestres (PEIT) da construción dunha autovía de Pontevedra a Lugo que pase por Cerdedo e Lalín

- 08/POP-0968(29119)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 deputados máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para garantir a mobilidade dos viaxeiros entre as dúas marxes da ría de Vigo (Vigo e Cangas e Moaña)

- 08/POP-0969(29120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 deputados máis

Sobre a disposición da Xunta de Galicia respecto da aprobación dunha nova Lei de transporte marítimo de augas interiores de Galicia

- 08/POP-0970(29121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e Rodríguez González, Román

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do grao de cumprimento do Pacto do Obradoiro para o impulso do AVE galego

- 08/POP-0971(29123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e Rodríguez González, Román

Sobre as actuacións que ten que desenvolver o Ministerio de Fomento para o cumprimento do Pacto do Obradoiro para o impulso do AVE galego no ano 2010

- 08/POP-0972(29124)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 deputados máis

Sobre as xestións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a licitación dos enlaces ferroviarios dos portos exteriores de Ferrol e da Coruña

- 08/POP-0973(29125)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e Rodríguez González, Román

Sobre as xestións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a reforma das conexións ferroviarias do eixo portuario Vigo - Marín - Vilagarcía de Arousa

- 08/POP-0975(29130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 deputados máis

Sobre os descontos que se están a realizar pola aplicación da nova política de peaxes da Xunta de Galicia

- 08/POP-0976(29138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José

Sobre os motivos da inexistencia na páxina web do Partido Popular de Galicia de información respecto dalgunha

mellora ou dalgún logro da Consellería de Traballo e Benestar en materia de emprego

- 08/POP-0977(29158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a exclusión da lingua galega nos formularios destinados aos usuarios da tarxeta sanitaria galega para a posta en marcha dun programa de comunicación por móbil e correo electrónico

- 08/POP-0978(29182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o impacto no sector pesqueiro galego do esgotamento da cota de captura da xarda

- 08/POP-0979(29191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as decisións previstas respecto da alarma xerada entre os opositores polas presuntas irregularidades existentes nas probas de acceso á función pública de Galicia

- 08/POP-0980(29192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a responsabilidade das presuntas irregularidades producidas nas probas de acceso á función pública na Administración autonómica

- 08/POP-0981(29200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do equipamento e da apertura do centro de día construído en Mondariz

- 08/POP-0982(29233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a diminución das axudas para agricultores das zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas destas a consecuencia das modificacións introducidas na orde de axudas de indemnización compensatoria



- 08/POP-0983(29239)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo Luís e 4 deputados máis  
Sobre o Decreto para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario, aprobado no Consello da Xunta de Galicia do 11 de marzo de 2010, e as funcións que vai realizar este persoal

- 08/POP-0984(29241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo Luís e 4 deputados máis  
Sobre as vantaxes para a Administración sanitaria da posta en marcha da aplicación informática denominada "Expedient-e único do profesional" para centralizar e unificar os méritos dos traballadores do sistema sanitario público galego

- 08/POP-0985(29249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a exclusión da lingua galega en anuncios institucionais emitidos en emisoras radiofónicas para anunciar a fin da televisión analóxica e a súa substitución pola TDT

- 08/POP-0986(29262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier e 4 deputados máis  
Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento polo organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo das obrigas previstas na Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos

- 08/POP-0987(29275)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 3 deputados máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para evitar o derrubamento da torre dos Morenos, en Ribadeo

- 08/POP-0988(29287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns que xustifican a redución dos premios da cultura galega a cinco categorías

- 08/POP-0989(29302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación das infraestruturas necesarias para a reactivación integral da comarca da Baixa Limia

- 08/POP-0991(29319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a actuación prevista polo Goberno galego diante da perda de 111 millóns de euros procedentes do financiamento autonómico

- 08/POP-0992(29320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre os sectores da industria subvencionables co Plan Impulsa Lugo e Ourense

- 08/POP-0993(29321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre a existencia no Plan Impulsa Lugo e Ourense dun tipo de xuro do cero por cento para os proxectos de investimento comprendidos entre os 240.000 e os 25 millóns de euros

- 08/POP-0994(29326)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 4 deputados máis

Sobre a contía das axudas destinadas no ano 2009 ás entidades galegas no exterior

- 08/POP-0995(29328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel

Sobre as posibles repercusións na colectividade emigrante da aplicación dos principios xerais do protocolo de colaboración asinado entre o presidente da Xunta de Galicia e o de Castela e León para mellorar a calidade de vida dos cidadáns mediante un maior e mellor acceso aos servizos públicos

- 08/POP-0996(29331)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre o prazo previsto para a posta a disposición dos profesionais do mar da Confraría de Ares da nave de departamen-

tos rematada desde hai un ano e a radicación do "travel lift" no seu porto

- 08/POP-0998(29334)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 4 deputados máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para afrontar a problemática xerada polo recorte para o ano 2010 do cincuenta por cento do orzamento das oficinas de atención ao colectivo inmigrante financiadas polo Fondo para a Integración e o Reforzo Educativo dos Inmigrantes do Ministerio de Traba- llo e Asuntos Sociais

- 08/POP-0999(29336)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 4 deputados máis

Sobre os acordos e as conclusións do IX Consello de comu- nidades galegas levado a cabo en Montevideo no mes de decembro de 2009

- 08/POP-1000(29338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 4 deputados máis

Sobre o contido do acordo asinado entre a "Asociación Echando Raíces" e "Cepes" de Uruguai para promover a parti- cipación dos mozos descendentes de españois de Latinoamé- rica, a través de proxectos cun forte compromiso social, cul- tural e económico, coas comunidades galegas de emigrantes

- 08/POP-1001(29342)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 4 deputados máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das caren- cias sinaladas polo presidente da Irmandade Galega de Venezuela no Pleno do Consello de Comunidades Galegas en materia socioasistencial

- 08/POP-1002(29461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o atraso na aplicación en Galicia da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e aten- ción ás persoas en situación de dependencia

- 08/POP-1003(29468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre os concellos cos que se acordou o cambio de xestión dos centros de día e infraestruturas sociais comprometidas nos dife- rentes protocolos nos convenios asinados pola Xunta de Galicia

- 08/POP-1005(29506)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a consecución, pola nova Lei de mobilidade da terra, da mellora da competitividade e do aumento da base territo- rial das explotacións

- 08/POP-1007(29509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a incidencia na xestión do Banco de Terras de Galicia da disolución da Sociedade Anónima Bantegal

- 08/POP-1008(29512)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as melloras previstas na xestión por unha empresa pri- vada da planificación e coordinación da estratexia na loita contra os incendios forestais

- 08/POP-1009(29515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as modificacións introducidas pola Orde da Conselle- ría do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010 e as reducións derivadas da exclusión de superficies admisibles das axudas da liña de control integrado dentro do contrato de explota- ción sustentable

- 08/POP-1010(29518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre a organización do Plan de prevención e defensa con- tra incendios forestais para a campaña do ano 2010

- 08/POP-1011(29585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José e 3 deputados máis

Sobre as causas e consecuencias do desfasamento de 111 millóns de euros procedentes do financiamento autonómico para Galicia no ano 2010

- 08/POP-0974 (29129) (29154)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 2 deputados máis

Sobre o número de usuarios beneficiados pola aplicación da nova política de peaxes que está a levar a cabo a Xunta de Galicia

A Mesa acorda a admisión a trámite coas modificacións contidas no doc. núm. 29154

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2010

José Manuel Baltar Blanco  
Vicepresidente 1.º



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados, **Alejandro Gómez Alonso**, e **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

Asturias e Galicia, son comunidades do Noroeste español, que comparten en moitas materias situacións e inxedanzas comúns que aconsellan, aunar esforzos, establecer liñas de reflexión e actuación conxuntas para crear sinerxías e aproveitar mellor as oportunidades que en ámbalas dúas Comunidades se nos plantexan.

Nembargantes, a xestión dos anteriores Gobernos autonómicos socialistas, non contribuíron en absoluto a satisfacer as necesidades que ambas comunidades veciñas temos na actualidade. Boa mostra delo son os incumprimentos en materia de infraestruturas e os plans de dinamización comprometidos no cumio celebrado o 29 e 30 de Febreiro de 2006 entre os gobernos de Asturias e Galicia, e que se repetiu o pasado 16 e 17 de Febreiro do ano 2007.

Así, transcorridos tres anos dende devanditos cumios, e con un novo responsable a fronte do Ministerio de Fomento constátanse os seguintes incumprimentos:

**Autovía del Cantábrico:** incumprimento do prazo de finalización da obra (2009) e un atraso de hasta 3-4 anos (2011-2012).

**AVE Transcantábrico:** o AVE que uniría 4 comunidades autónomas, 3 países (Portugal, España y Francia) e 7 millóns de habitantes foi anulado. En xaneiro de 2007, no BOE publicábase a decisión do Ministerio de Fomento de deixar sen efecto as encomendas de xestión efectuadas ao GIF, na actualidade ADIF.

  
**Grupo Parlamentario**  
**Popular de Galicia**

Polo dito, presentase a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitar :

- 1.- Que no ano 2010 se adopten tódalas medidas necesarias para acelerar a construción das obras, co fin de que á Autovía do Cantábrico poida estar en servizo no ano 2011.
- 2.- Que se retome polo Ministerio de Fomento a redacción do Estudo Informativo do Proxecto de Corredor Alta Velocidade do Cantábrico (Ferrol- Asturias-Cantabria-Bilbao), contratado en 2003, para sometelo a información pública no ano 2012.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 11:33:19**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:33:25**

**José Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2010 11:33:33**



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados, **Alejandro Gómez Alonso** e **Román Rodríguez González**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### **Exposición de Motivos**

Dentro dos proxectos constructivos da alta velocidade ferroviaria aprobados para Galicia, o Ave Vigo-Ourense por Cerdedo ten unha especial importancia xa que esta liña implica unha saída directa do sur de Galicia para conectar coa meseta.

Este treito ferroviario de alta velocidade e obxecto de numerosas disputas políticas e discusións técnicas, primeiro polos anuncios feitos por algúns dirixentes socialistas, como o actual alcalde de Vigo, sobre a súa posta en servizo no ano 2012 e en segundo lugar, por opinións vertidas sobre a idoneidade do trazado.

O certo é que despois de 3 anos de publicarse no BOE, o proceso de información pública deste treito, unha vez descartadas as iniciais alternativas de trazado que percorrían polo corredor do río Miño, o Ministerio de Fomento propuxo finalmente a alternativa denominada "alternativa O Carballiño Sur + Cerdedo Sur", e cúa declaración de impacto ambiental foi aprobada recentemente polo Ministerio de Medio Ambiente.

Polo dito anteriormente, presentase a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitar que no ano 2010 se contrate conxuntamente o proxecto e obra do Ave Vigo-Ourense por Cerdedo para acelerar a execución desta liña.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 11:59:10**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:59:17**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:59:24**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **José Luís Méndez Romeu**, a través do Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Consello da Cultura Galega creou, no 1992, o Arquivo da Emigración Galega, que hoxe conta cun importante fondo documental, fotográfico, bibliográfico, hemerográfico e sonoro. Ten recollido o legado de 457 sociedades de emigrantes, trescentas caixas de documentación microfilmada e unhas cincocentas publicacións periódicas.

O legado migratorio permite unha nova visión da historia e da identidade de Galicia, proxectada nas comunidades galegas do exterior. Cómpre subliñar que a migración é un fenómeno de partida e de retorno que permite explicar a historia contemporánea. Galicia, no contexto europeo, é un dos territorios con maior volume de emigrantes. Os emigrantes galegos no só fixeron achegas sobranceiras na vida económica dos países de acollida, senón que tamén desenvolveron sistemas asistenciais, institucións culturais e mesmo un importante labor altruísta nas súas localidades de orixe, en forma de creación de escolas e outros equipamentos sociais.

Dende hai anos os especialistas veñen apuntando a necesidade de crear unha institución, un museo, que recolla ese fondo documental e de experiencia e o poña ao alcance dos cidadáns. Nunhas recentes xornadas promovidas polo Consello da Cultura, foron analizadas diferentes experiencias en Lisboa, Sao Paulo, Buenos Aires, Bremerhaven e outros lugares. As propostas dos expertos avogan por unha institución con diferentes liñas de actividade: centro de exposicións permanentes e temporais, centro de documentación, institución investigadora e centro virtual.

Algúns museos dedicados á emigración, como o da Illa Ellis de New York, teñen un elevado número de visitantes e son en si mesmos un atractivo turístico e cultural.





Grupo Parlamentario

O Goberno italiano vén de inaugurar un museo en Roma e o Goberno vasco estudia unha proposta semellante.

Doutra banda a Xunta de Galicia non ten aínda definidos os contidos da Cidade da Cultura, onde dende o principio do proxecto estaba previsto un Museo de Historia de Galicia, é dicir, unha musealización da historia, con todos os riscos que ese tipo de centros comporta. En calquera caso un Museo ou Departamento de Migracións podería enriquecer os fondos e a visita dos usuarios.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

E por iso que se formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.º) Crear, no complexo da Cidade da Cultura, un Museo das Migracións que recolla as testemuñas dos fenómenos migratorios de Galicia ao longo do tempo, acolla os fondos documentais e noutros soportes, e ofrezca a visitantes e investigadores, o conxunto dos materiais acumulados polos historiadores, presentando os fondos coa musealización axeitada para conseguir un centro de referencia internacional.

2.º) Invitar ao Consello da Cultura Galega a participar no deseño e organización do devandito Museo, a medio do correspondente convenio.”


Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2010

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo. Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**José Luis Méndez Romeu na data 22/03/2010 12:11:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2010 12:11:06**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Modesto Pose Mesura**, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A Lei 2/2007, de 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres, e no seu artigo 11 establece que, os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade autónoma que, carecendo de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na administración da Comunidade Autónoma.

Tamén establece a obrigatoriedade nos termos pactados cando se estableza nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa con respecto ás empresas incluías no seu ámbito de aplicación ou nos convenios de empresa de calquera ámbito.

A consellería de Traballo e Benestar non está levando a cabo o cumprimento efectivo da Lei de traballo en Igualdade entre homes e mulleres no que se refire aos plans de igualdade

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.º) Que elabore e poña en marcha os plans de igualdade na administración autonómica, organismos autónomos e sociedades dependentes ou vinculadas a Xunta de Galicia, para dar cumprimento a Lei aprobada polo Parlamento galego.



Grupo Parlamentario

2.º) Fomentar e impulsar a través das relacións laborais, que na negociación dos convenios colectivos se acorden elaborar no seno das empresas, plans de igualdade no traballo que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Ricardo Varela Sánchez  
Carmen Acuña Docampo  
Beatriz Sestayo Doce  
Modesto Pose Mesura

Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 22/03/2010 12:15:02**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/03/2010 12:15:05**

**María Carmen Acuña Docampo na data 22/03/2010 12:15:10**

**Beatriz Sestayo Doce na data 22/03/2010 12:15:14**

**Modesto Pose Mesura na data 22/03/2010 12:15:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2010 12:15:26**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2010 17:45  
**Nº Rexistro: 29173**  
Data envío: 22/03/2010 17:45:53.367

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O aumento dos casos nos últimos anos fai que o cancro de colon sexa hoxe en día o primeiro cancro por incidencia, supoñendo entre o 10% e o 15% de todos os tumores, e tamén a segunda causa de morte no Estado español.


Unha detección precoz desta enfermidade permitiría curar o 90% dos casos e temos á nosa disposición mecanismos non invasivos, como a proba de sangue en feces, útiles para realizar esta detección precoz a través de programas de cribado entre a poboación asintomática a realizar tanto dende os servizos sanitarios como nas revisións médicas nas empresas.

Algunhas Comunidades autónomas teñen xa implantado un programa de cribado activo que ademais é recomendado por importantes sociedade científicas.

Por este motivo, o BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas:

1. Deseñar e poñer en marcha, de maneira inmediata, un programa de cribado



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:45  
Nº Rexistro: 29173  
Data envío: 22/03/2010 17:45:53.367

activo para detectar precozmente o cancro de colon en persoas asintomáticas utilizando métodos non invasivos, con accións a realizar dende saúde pública e atención primaria e preparando os servizos de atención especializada para atender a nova demanda de probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que xere o cribado.

2. Incorporar, como obriga dos Servizos de Prevención competentes, a realización destas probas nas revisións médicas das empresas.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/03/2010 17:25:38**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/03/2010 17:25:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2010 17:47  
**Nº Rexistro: 29176**  
Data envío: 22/03/2010 17:47:02.272

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O Parlamento de Galiza aprobou a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza. Esta lei conforme ás disposicións do Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, e cuxa entrada en vigor tivo lugar o 1 de marzo de 2004, pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas de paisaxe, entendendo a paisaxe como «elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos», tal e como así a define o devandito convenio.

Esta lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galiza, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. Tal e como se establece no artigo 1º da propia Lei.

A lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza, establece unha serie de instrumentos para o seu desenvolvemento e aplicación en canto a asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:47  
Nº Rexistro: 29176  
Data envío: 22/03/2010 17:47:02.272

O BNG considera que a paisaxe desempeña un importante papel de interese xeral nos campos cultural, ecolóxico, medioambiental, social e económico. Ademais, a súa protección, xestión e ordenación poden contribuír á creación de emprego.

A paisaxe contribúe á formación das culturas, sendo un compoñente fundamental do noso patrimonio natural e cultural que contribúe ao benestar das persoas e á consolidación da nosa identidade nacional.

Polo tanto, os nacionalistas entendemos que é necesario desenvolver a Lei de Protección da Paisaxe de Galiza, así como impulsar, por parte do Goberno da Xunta, unha liña de colaboración cos concellos para garantir o cumprimento da mesma.

Por todo iso, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:


“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Desenvolver a Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, en particular a:

- a) Constituír o Observatorio Galego da Paisaxe.
- b) Elaborar:
  - Os Catálogos da paisaxe.
  - Directrices da paisaxe.
  - Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

2.- Por en marcha unha liña de colaboración cos concellos destinada a promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:47  
Nº Rexistro: 29176  
Data envío: 22/03/2010 17:47:02.272

aseguren o cumprimento dos fins contidos na Lei de Protección da Paisaxe de Galiza.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 22/03/2010 17:38:07**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/03/2010 17:38:17**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas** e **Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, co obxecto de **impulsar a mellora dos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración Autonómica**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A finais do ano 2009 o Goberno galego derivaba toda a súa responsabilidade aos tribunais de xustiza, sen esclarecer que cargo ou cargos da Xunta de Galicia ostentaban a responsabilidade política da tutela efectiva dos procesos selectivos dos grupos C1 e C2.

Agora estamos diante dun grave caso onde os membros dos tribunais son á súa vez aspirantes a prazas dentro do mesmo subgrupo (A1), sendo examinados e valorados por compañeiros e compañeiras do mesmo tribunal ao que pertencen.

Vimos de coñecer que hai dúas persoas que, sendo opositores na promoción interna ao subgrupo A1, son compañeiros de tribunal noutros procedementos selectivos do presidente e secretaria que os está avaliando naquel.

Concretamente, trátase de dous xefes de servizo da Consellería de Facenda con responsabilidades no ámbito orzamentario e que optando polo dereito á promoción interna nun proceso selectivo, tamén son membros dos tribunais no proceso selectivo de acceso libre. En ambos os dous casos, trátase do



Grupo Parlamentario

mesmo subgrupo, o A1, no que os opositores en cuestión tamén son examinadores.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este escándalo que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

O Partido Popular vén amparando co seu silencio este tipo de prácticas tal e como se puxo de manifesto no pasado ano 2009 cando se coñeceu a existencia de filtracións nos exames das oposicións dos grupos C1 E c2.

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo evadiu daquela a súa responsabilidade derivando o proceso ao ámbito xudicial e aínda hoxe foron incapaces de dicirle aos galegos e galegas quen é o responsable político da Xunta que asuma a responsabilidade do que sucedeu coas filtracións dos exames.

Vese con claridade unha dobre vara de medir este tipo de asuntos públicos por parte de quen agora dirixen o goberno de Galicia e ata fai pouco formaban parte da oposición. Na pasada lexislatura o Partido Popular esixía que se asumiran responsabilidades políticas pola perda dos exames dunhas oposicións, motivo polo que un director xeral do goberno progresista dimitiu, pero agora os mesmos que pedían dimisións gardan un clamoroso silencio.

Agora estamos diante dunha situación escandalosa que pon ás claras a falta de control e de escrúpulos por parte do Goberno de Galicia, ao permitir que os mesmos que examinan a opositores no turno de acceso libre sexan ao mesmo tempo avaliados polos seus compañeiros de tribunal para o acceso ao mesmo subgrupo da Administración.

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Trátase de dotar á Administración pública galega de maior seguridade nas súas actuacións e sobre todo garantir a igualdade de oportunidades dos cidadáns que deciden presentarse a probas de acceso a un emprego público.

Consideramos necesario modificar o proceso de designación dos tribunais e comisións de selección para garantir transparencia e especialización, e evitar tamén que sempre sexan as mesmas persoas as que acaben copando as presidencias e as vocalías dos tribunais de oposicións.

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións.

Co obxecto de darlle seguridade e garantías de limpeza e imparcialidade aos cidadáns que se presentan aos procesos selectivos de acceso á función pública, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

### **O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:**

- 1. Modificar os procesos selectivos actuais de acceso ao emprego público da Administración Autonómica co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade en futuras convocatorias.**
- 2. Iniciar as actuacións precisas para dotar con urxencia á Administración Autonómica dun órgano estable de xestión dos procesos selectivos, introducindo mecanismo de control que eviten a presenza reiterada das mesmas persoas nas presidencias e nas vocalías dos tribunais de oposicións.**



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. **Artellar un mecanismo electrónico de elaboración das preguntas das probas de selección para o acceso á función pública que asegure a imposibilidade das filtracións e garante a igualdade de oportunidades de tódalas persoas que opositan.**
4. **Reducir ao máximo posible o recurso á participación externa nos diferentes procedementos que se seguen durante proceso selectivo de acceso á función pública.**

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 10:03:39**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2010 10:03:44**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa dos deputados **Henrique Viéitez Alonso** e **Carlos Ignacio Aymerich Cano**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa ó centro de día de Mondariz.

Construído polo Goberno Galego anterior, a construción do centro de día de Mondariz tivo un orzamento total de 1.131.007 euros, cunha participación do propio Concello de da Deputación Provincial de Pontevedra.

Feito para dar resposta a unha demanda das persoas cunha situación de dependencia e para favorecer a estancia no propio entorno e a integración social, foi realizado para dar un servizo de benestar cunha capacidade de 40 prazas.

A data de hoxe, fai mais dun ano que esta rematado e nen o alcalde nen o novo xerente do Consorcio Galego de Benestar son quen de informar cando vai ser posto en marcha nen con que criterios vai procederse a súa apertura.

Fronte ao anuncio de inicio de novos centros dos cales moitos non teñen nin tan sequera proxecto, parece do máis lóxico e razoábel que se abran os xa construídos, caso do de Mondariz, e dar así unha resposta acaída e en tempo e forma.

Dadas as repercusións graves que xa esta xerando esta inacción é polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Pleno dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego á equipar e abrir de xeito inmediato e urxente o centro de día xa rematado e situado no concello de Mondariz.**

Santiago Compostela, 22 de Marzo do 2010

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 23/03/2010 11:00:53**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/03/2010 11:00:58**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputado se deputada, **Rosendo-Luis Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Segundo se puido saber, a Consellería de Sanidade ten intención, e mesmo empezou a traballar, no deseño dun aplicativo denominado "Expedient-e único do profesional", que tería como finalidade centralizar e unificar os méritos de todos/as traballadores do sistema sanitario público galego.

Desta maneira, os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada, etc., etc., así como outras actividades, serían achegados unha única vez polo profesional, e entenderíana presentados para todos os procesos xestionados na área de Recursos Humanos na que o profesional queira participar.

Vantaxes de resolución máis áxil de baremacións, modernización da xestión, etc., que tería un impacto positivo para profesionais da Administración sanitaria e para aqueles que se atopan nas listas de contratación temporal.

Á vista dos aspectos positivos do aplicativo, é polo que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo o desenvolvemento dun Sistema Informático para centralizar os méritos do Curriculum Vitae dos seus profesionais.

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2010 18:09**  
**Nº Rexistro: 29243**  
Data envío: 23/03/2010 18:09:51.522

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 23/03/2010 18:04:32**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 18:04:40**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 18:04:43**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 18:04:48**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 18:04:53**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 18:05:00**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, José Manuel Balseiro Orol, Ignacio J. López-Chaves Castro, e Marisol Piñeiro Martínez**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### **Exposición de Motivos**

A finais do século XX, no ano 1905 dous irmáns emigrantes en Cuba, os irmáns Pedro e Juan Moreno Ulloa, inician, o lado do Pazo de Ibáñez en Ribadeo a construción dun edificio que hoxe é o edificio máis representativo da vila mariñana, é o coñecido como a Torre dos Morenos, por ser esta, o elemento que máis destaca na súa construción.

De planta rectangular, consta de cinco plantas, cunha concepción moi avanzada para a época polo emprego dunha estrutura mixta de formigón e ferro. Alcanza un alto perfeccionismo en alicatados, solos de mármore, forxas de ferro e cristaleiras. Destaca especialmente a torre cunha pequena cúpula sostida por catro cariátides e techume roxiza de cerámica vidriada. É de estilo ecléctico con ornamentacións que apuntan ao modernismo.

Na actualidade a Torre dos Moreno, cúa propiedade está nun 79% en mans privadas e nun 21 % en mans do Concello de Ribadeo, é a imaxe do abandono: cornisas desprendidas, cascotes que colgan do voladizo de rede metálica que se colocou na fachada despois de que un fragmento de formigón caese sobre a capota dun coche, desconchados nas paredes, herbas que asoman nas balconadas, ferros carcomidos, etc..

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo cantos trámites e medidas sexan necesarias para evitar que o edificio emblemático de Ribadeo, a Torre dos Morenos, se derrube quedando a Mariña de Lugo sen un dos seus edificios indianos máis relevante.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 24/03/2010 13:04:14**

**María Emma Álvarez Chao na data 24/03/2010 13:04:19**

**José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2010 13:04:26**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/03/2010 13:04:33**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/03/2010 13:04:38**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 17:37  
Nº Rexistro: 29300  
Data envío: 24/03/2010 17:37:06.945

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco** e do seu deputado **Alfredo Suárez Canal**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao impulso de medidas para a reactivación da Baixa Limia.

O Proxecto Integral de Reactivación da Baixa Limia concibiuse como un instrumento esencial para acceder á vertebración territorial, económica e social desta comarca a través da revalorización e optimización dos seus recursos endóxeos.

Entre outras actuacións que se establecían neste proxecto son de destacar a dotación de 200.000 m<sup>2</sup> de superficie do solo empresarial e a construción dunha ponte que enlace a zona de Santa Comba (en Bande) con Rañadoiro en Muíños, unindo deste xeito as dúas marxes do encoro.

Estas actuacións estaban inseridas nun ambicioso plan de intervención en diversos ámbitos territoriais e sectoriais que se definiron Plan Director Proxecto Quarquenia que fora elaborado pola extinta Consellaría de Vivenda e Solo.

Non se trataba dunha actuación maioritariamente de nova intervención senón, pola contra, de actuacións de renovación e reconstrución na que só se contemplaban pequenas actuacións de infraestruturas que terían como finalidade solventar determinadas carencias da comarca.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para poder acometer a construción de ponte e a dotación de solo empresarial, tendo en conta que están ubicadas en concellos nos que non existe planeamento municipal, era preciso acudir a outros instrumentos dos contemplados na lei de Ordenación Urbanística e de protección do medio rural de Galiza, tais como proxectos sectoriais e de urbanización.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o desenvolvemento das medidas e actuacións que se conteñen neste proxecto continúan a ser imprescindíbeis para impulsar a actividade económica e social na comarca da Baixa Limia, e para a mellora da calidade de vida, sendo ademais outro elemento positivo a ter en conta a colaboración institucional na súa xestión, coa implicación de todos os concellos e a participación activa do movemento asociativo da comarca no proxecto.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que, tomando como base o Plan Director Proxecto Quarquenia, impulse medidas para a reactivación económica e social da comarca da Baixa Limia e a que proceda, previa realización dos trámites administrativos necesarios, á dotación dun parque empresarial nesta comarca e á construción dun novo eixe de comunicación construíndo unha ponte que una as dúas marxes do encoro.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 17:37**  
**Nº Rexistro: 29300**  
Data envío: 24/03/2010 17:37:06.945


Asdo.: María Tereixa Paz Franco  
Alfredo Suárez Canal  
Deputada e deputado do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 24/03/2010 17:26:34**

**Alfredo Suárez Canal na data 24/03/2010 17:26:37**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/03/2010 17:26:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 18:23  
**Nº Rexistro: 29309**  
Data envío: 24/03/2010 18:23:16.970

## Á MESA DO PARLAMENTO

O GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano** e das súas deputadas **Ana Luísa Bouza Santiago** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu tratamento en **Pleno**, relativa á non repercusión da suba do IVE nas portaxes da AG-55 entre A Coruña e Carballo.


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 16 de Marzo, na súa intervención no debate do estado da nación, o Presidente da Xunta anunciou que o Imposto de Transmisións Patrimoniais non ía repercutir a próxima suba do IVE. Porén semella que esta decisión restrínxese exclusivamente a este tributo e non ao resto dos tributos, taxas e prezos públicos de competencia autonómica, entre os que se encontran as portaxes das autoestradas de competencia galega.

No caso concreto da AG-55, e cando aínda non se fixo efectiva a rebaixa anunciada para os utentes habituais desta vía, a suba do IVE apartir do vindeiro 1 de Xullo ameaza con eliminar a virtualidade práctica que esta rebaixa tería, caso de se producir.

É por iso que se formula a seguinte

### PROPOSICIÓN NON DE LEI



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 18:23  
**Nº Rexistro: 29309**  
Data envío: 24/03/2010 18:23:16.970

O Parlamento insta á Xunta a non repercutir a suba do IVE nas portaxes da AG-55 entre A Coruña e Carballo.

Santiago de Compostela, 24 de Marzo de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/03/2010 18:21:59**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/03/2010 18:22:02**

**Teresa Táboas Veleiro na data 24/03/2010 18:22:07**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

As oficinas de atención ao colectivo inmigrante, con sede en sete grandes cidades galegas, están financiadas polo Fondo para a Integración e reforzo Educativo dos Inmigrantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Estas oficinas verán recortados no 2010 o seu presuposto nun 50% o que as coloca nunha situación moi difícil, xa que se ven afectadas directamente as partidas de gasto social que concirnen á poboación extracomunitaria.

Este asunto, que se intúe grave, necesita unha solución.

Por iso,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Demandar do Goberno central o esforzo económico necesario para manter estas oficinas.
- 2.- Que a Xunta de Galicia manteña as oficinas de atención ao colectivo inmigrante.”

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 25/03/2010 10:17:30**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:17:37**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:17:42**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:17:47**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:17:51**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:18:07**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **M<sup>a</sup> del Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

A rede de atención ás drogodependencias está formada por dispositivos asistenciais e equipos de prevención.

O Plan de Galicia sobre Drogas actual remataba no ano 2009 foi prorrogada ata o 2010 e mentres estase a redactar un novo Plan.

Descoñecementos como vai ser a nova formulación que pretende darlle o Goberno popular a este grave problema de saúde, nin sequera sabemos as datas que a Consellería baralla para que entre en funcionamento ese novo Plan.

Por outra parte, os convenios vixentes cos concellos para a prevención rematan no mes de xuño sen que saiban ata o de agora nada sobre a súa posible continuidade. E no que respecta á parte asistencial da atención aos drogodependentes que se imparten tamén nas unidades municipais debería saír neste mes ou no próximo, unha nova Orde de subvención que garanta a súa continuidade, pero ata o de agora non ten saído nada creando grande incerteza, tanto nos concellos como entre os usuarios e as súas familias e, por suposto, os traballadores e traballadoras destes servizos.

Incerteza e desconfianza derivadas de falta de transparencia da Consellería de Sanidade do Goberno do Sr. Feijóo e do nulo respecto e consideración que demostra este Goberno pola opinión dos profesionais deste sector aos que non están tendo en conta na elaboración do novo Plan.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:**

- 1. Que os profesionais de drogodependencias participen activa e directamente no proceso de deseño e elaboración do Plan de Galicia sobre Drogas, así como en todas aquelas ferramentas que se fagan para regular a atención ás drogodependencias en Galicia.**
- 2. Que a Consellería de Sanidade prorrogue de forma inmediata todos os convenios existentes, tanto asistenciais como preventivos, para que poidan seguir prestando a mesma atención que ata o de agora mentres non entre en vigor o novo Plan.**

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
Beatriz Sestayo Doce  
José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 26/03/2010 11:59:37**

**Modesto Pose Mesura na data 26/03/2010 11:59:45**



---

■ Grupo Parlamentario

**Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 11:59:52**

**José Tomé Roca na data 26/03/2010 11:59:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2010 12:00:05**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputadas **Teresa Táboas Veleiro e Ana Luisa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos inadecuados horarios da liña de tren entre Ferrol e A Coruña .

O Bloque Nacionalista Galego ten amosado ao longo dos anos, a defensa a ultranza dun sistema eficaz de transporte público colectivo, como a única vía de posibilitar outra dimensión na configuración socio—económica espacial da Galiza e tamén como o mecanismo máis acaído medioambientalmente. E dentro do transporte público colectivo ( TPC ) existe un de especial importancia: o tren. Malia a iso os cidadáns do noso país continúan a agardar por un tren eficaz que parecera que nunca vai chegar.

Un sistema de comunicación ferroviaria entre as nosas cidades e vilas deseñado co fin de optimizar as rutas e as frecuencias. Planificación por certo, que os nacionalistas defendemos tería que facerse dende o goberno galego, para iso son precisas transferencias tantas veces requeridas polo Bloque Nacionalista Galego, e que ata o de agora non teñen sido posibles. Por outra banda, os convenios existentes entre a Xunta de Galiza e Renfe non teñen dado os resultados que os galegos e galegas precisan, e son concretamente preocupantes algunhas liñas como a que comunica Ferrol e A Coruña, cuns horarios que imposibilitan a conexión co resto dos servizos do Eixo Atlántico ( A Coruña-Santiago-Vilagarcía-Pontevedra-Vigo ). Porén ante unha situación de desleixo perante os problemas dos cidadáns que pretenden utilizar o tren como medio de transporte, e polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a defender perante Renfe as seguintes cuestións:

1º) Redefinir as frecuencias na liña Ferrol-A Coruña co fin de facilitar a conexión dos pasaxeiros coa liña que discorre sobre o Eixo Atlántico.

2º) Modernizar o material rodante existente, substituíndo aqueles que o precisen, co fin de acurtar os tempos de desprazamentos., así como obter mellores prestacións e maior capacidade.

Santiago de Compostela, 24 de Marzo de 2010

**Asdo. Teresa Táboas Veleiro**

**Ana Luisa Bouza Santiago**

Deputadas do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Táboas Veleiro na data 26/03/2010 13:29:43**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 26/03/2010 13:30:01**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 26/03/2010 13:30:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu tratamento en Pleno**, relativa á adopción de medidas para a reintegración lingüística no mundo galego-portugués como factor normalizador.

O galego, único idioma propio de Galiza, forma parte do sistema lingüístico gelego-portugués, falado no mundo por máis de 220 millóns de persoas, e oficial no Brasil, Portugal, Saô Tomé e Príncipe, Angola, Moçambique, Timor-Leste, Macau, Cabo Verde e Giné Bissau. É, daquela, un idioma extenso (sexta posición no mundo), de uso oficial na Unión Europea, Mercosul e Unión Africana, e vai gañando falantes e popularidade, proceso en parte asociado a unha potencia “emerxente” –Brasil-, así como ao feito de posuír comunidades lingüísticas en diversos estados: India (Goa), Luxemburgo, Andorra, Namibia, África do Sul, Franza, etc.

Galiza posúe evidentes vínculos lingüísticos, culturais e históricos con estes pobos que conforman a denominada lusofonía. Nomeadamente con Portugal.

A rotunda ruptura producida dende hai séculos entre Galiza e Portugal, forzada e imposta por motivos estritamente políticos, vinculados ao proceso de perda de soberanía do Reino de Galiza e á súa absorción anuladora pola Coroa de Castela, posteriormente España, provocou desde hai séculos un profundo e recíproco descoñecemento entre dous pobos irmáns (pobo galego e pobo portugués) que lamentabelmente aínda perdura na actualidade.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 13:42  
**Nº Rexistro: 29492**  
Data envío: 26/03/2010 13:42:40.465

Esta situación non é lóxica nin normal. Nin do punto de vista estritamente cultural, nin do económico e social. Porque o galego é un idioma útil e extenso, mesmo rendíbel en termos económicos, laborais e comerciais. E non se pode permitir Galiza o luxo de renunciar ao seu idioma: sería un imperdoábel suicidio como pobo diferenciado, mais tamén un despilfarro inútil de recursos, de posibilidades de relacionamento e proxección de Galiza nun mundo próximo. O galego é un idioma universal.

Agora estamos no século XXI, e posuímos uns resortes políticos (limitados e insuficientes, mais non utilizados) que permitirían restituír, cando menos en parte, o que durante tanto tempo se impediu por razóns políticas.

Así, o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 35.3 contempla, precisamente, a posibilidade de solicitar do Goberno español “os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que manteña particulares vínculos culturais e lingüísticos”, nunha evidente alusión a Portugal e o resto da lusofonía. Tamén, na mesma liña, a Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, subscrita formalmente polo Estado español no ano 2001, posibilitaría nos seus artigos 11 e 14 a recepción na Galiza das emisións de radio e televisión portuguesas, así como ao establecemento de intercambios transfronteirizos Galiza-Portugal en materia lingüística.

Cumpre ter ben en conta que a reintegración lingüística ao mundo da lusofonía non é só un proceso de restitución natural ao sistema lingüístico-portugués do que facemos parte: debe ser tamén entendido como auténtico factor de normalización. O galego é útil. Con algunhas variantes é falado por 220 millóns de persoas no mundo. Achegármonos con naturalidade ao portugués e á lusofonía non empobrece:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

enriquece, e abre novos camiños. Posuímos no noso idioma unha extraordinaria vantaxe competitiva que é preciso aproveitar.

Porén, a día de hoxe, a situación neste ámbito é absolutamente esperpéntica. Gozando de capacidade real, obxectiva, de nos achegar sen dificultades a unha expresión –a portuguesa- tan semellante á nosa, de nos introducir e enriquecer coa súa literatura e expresións culturais, isto non só non ocorre, senón que ademais boa parte da sociedade galega admite “entender con dificultade” ou “ler con dificultade” textos orais e escritos en portugués. Esta aberrante realidade colide co feito, dificilmente comprensíbel, de que exista un maior número de centros de ensino en Estremadura nos que se imparte portugués que na propia Galiza. Acaso é máis difícil dominar o portugués para un galego que para un estremeño?

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a impulsar unha política activa de intercambio e relacionamento entre Galiza, Portugal e o resto de países da lusofonía, materializando o disposto no artigo 35.1 do vixente Estatuto de Autonomía, na procura da proxección internacional do noso país e da súa cultura expresada en galego, parte integrante do sistema lingüístico galego-portugués. Aliás, adoptaranse, entre outras, as seguintes medidas:

1.- Diante do Goberno español, coa finalidade de posibilitar a recepción na Galiza das emisións das radios e televisións portuguesas, en cumprimento da “Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias”, utilizando as posibilidades técnicas precisas para este fin no prazo temporal máis inmediato posíbel.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/03/2010 13:42  
Nº Rexistro: 29492  
Data envío: 26/03/2010 13:42:40.465

2.- Trasladar ao Goberno portugués o interese manifestado polo Parlamento galego de que facilite a recepción en Portugal do sinal da radio e televisión galegas.

3.- Estender e xeralizar, no curso escolar 2010-2011, a implantación do ensino, como materia optativa, da Lingua e Literatura Portuguesa nos centros de educación secundaria da Galiza.

4.- Programar, desde a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, con eventual colaboración doutras consellarías, viaxes e intercambios escolares entre os centros de ensino da Galiza e de Portugal.

5.- Enviar aos centros de ensino secundario do noso país materiais didácticos, incluídos audiovisuais, que podan resultar de proveito para o ensino das disciplinas contempladas no punto 3, así como para coñecemento xeral da lingua e cultura portuguesas.


6.- Estabelecer contactos coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) para posibilitar a participación da Galiza nese foro internacional.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/03/2010 13:42**  
**Nº Rexistro: 29492**

Data envío: 26/03/2010 13:42:40.465

**Bieito Lobeira Domínguez na data 26/03/2010 13:40:31**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputada, **Rosendo-Luís Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, José Manuel Baltar Blanco e Yolanda Díaz Lugilde**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno**.

Foi o Partido Popular (PP) no Goberno do Estado cando, por primeira vez en España, elabóranse as bases para o desenvolvemento dun Plan Nacional de Coidados Paliativos, aprobado polo Pleno do Consello Interterritorial do SNS o 18 de decembro de 2000.

Así mesmo, foi un Goberno do PP que regulou xuridicamente os coidados paliativos coa Lei 41/2002, que no seu Artigo 11 establecía que cada servizo de saúde debía regular o procedemento axeitado para que, chegado o caso, se garantira o cumprimento das instrucións previas de cada persoa que debería constar sempre por escrito.

Tamén foron autonomías con gobernos do PP, Valencia e Navarra, as primeiras en regular este principio de limitación do esforzo terapéutico a través do Testamento Vital.

Pero non foi ata 2007, xa con gobernos dos socialistas, que se aprobou o Real Decreto 124/2007 que regula o rexistro nacional de instrucións previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal. Foi en xullo dese mesmo ano cando se aprobou a Estratexia Nacional de Coidados Paliativos no SNS seguindo as bases do Plan do Goberno do PP.

O Goberno Socialista ten presentado tres anos despois, o informe de situación sobre o grado de cumprimento da estratexia. E os resultados deste informe amosan as enormes desigualdades que existen entre autonomías.



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

A ausencia de liderazgo do Ministerio de Sanidade e Política Social ten provocado situacións como as do pasado 17 de marzo, cando o pleno do Parlamento andaluz aprobou a Lei de Dereitos e Garantías da Dignidade das Persoas no Proceso da Morte, que contou co apoio do PP, a excepción dalgúns artigos, que non fai senón recoller os principios xa aprobados noutras lexislacións anteriores.

Recoñecendo a aportación desta normativa, desde o PPdeG, consideramos que os dereitos dos cidadáns no SNS deben ser universais e que corresponde ao Goberno Central, a través do seu Ministerio de Sanidade e Política Social velar pola equidade nos dereitos dos cidadáns.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- Dirixirse ao Goberno de España para que, a través do Consello Interterritorial de Saúde, asegure a equidade do dereito a unha morte digna mediante:
  - . Elaboración, en cooperación con todas as CCAA, dunha normativa básica que regule o exercicio dos dereitos da persoa na última fase da súa vida.
  - . A identificación e definición común de obxectivos en materia de coidados paliativos.
  - . A definición dos instrumentos de medida (estadísticas, indicadores, directrices).
  - . A promoción da avaliación comparativa e o intercambio das mellores prácticas co fin de incorporar as potenciais melloras.

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/03/2010 16:30  
**Nº Rexistro: 29495**  
Data envío: 26/03/2010 14:17:55.471

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 26/03/2010 14:16:41**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 26/03/2010 14:16:49**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 26/03/2010 14:16:53**

**Dámaso López Rodríguez na data 26/03/2010 14:16:57**

**José Manuel Baltar Blanco na data 26/03/2010 14:17:03**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 26/03/2010 14:17:08**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados, **Alejandro Gómez Alonso**, e **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### **Exposición de Motivos**

Asturias e Galicia, son comunidades do Noroeste español, que comparten en moitas materias situacións e inquedanzas comúns que aconsellan, aunar esforzos, establecer liñas de reflexión e actuación conxuntas para crear sinerxías e aproveitar mellor as oportunidades que en ámbalas dúas Comunidades se nos plantexan.

Nembargantes, a xestión dos anteriores Governos autonómicos socialistas, no contribuíron en absoluto a satisfacer as necesidades que ambas comunidades veciñas temos na actualidade. Boa mostra de elo son os incumprimentos en materia de infraestruturas e os plans de dinamización comprometidos no cumio celebrado o 29 e 30 de Febreiro de 2006 entre os gobernos de Asturias e Galicia, e que se repetiu o pasado 16 e 17 de Febreiro do ano 2007.

Así, transcorridos tres anos dende devanditos cumios, e con un novo responsable a fronte do Ministerio de Fomento constátanse os seguintes incumprimentos:

**Autovía del Cantábrico:** incumprimento do prazo de finalización da obra (2009) e un atraso de hasta 3-4 anos (2011-2012).

**AVE Transcántabrico:** o AVE que uniría 4 comunidades autónomas, 3 países (Portugal, España y Francia) e 7 millóns de habitantes foi anulado. En xaneiro de 2007, no BOE publicábase a decisión do Ministerio de Fomento de deixar sen efecto as encomendas de xestión efectuadas ao GIF, na actualidade ADIF.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

Polo anteriormente dito, presentase a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitar :

- 1.- Que no ano 2010 se adopten tódalas medidas necesarias para acelerar a construción das obras, co fin de que á Autovía do Cantábrico poida estar en servizo no ano 2011.
- 2.- Que se retome polo Ministerio de Fomento a redacción do Estudo Informativo do Proxecto de Corredor Alta Velocidade do Cantábrico (Ferrol- Asturias-Cantabria-Bilbao), contratado en 2003, para sometelo a información pública no ano 2012.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 11:32:22**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:32:30**

**José Manuel Balseiro Orol na data 22/03/2010 11:32:38**



## *Grupo Parlamentario Popular de Galicia*

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados, **Alejandro Gómez Alonso** e **Román Rodríguez González**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### **Exposición de Motivos**

Dentro dos proxectos constructivos da alta velocidade ferroviaria aprobados para Galicia, o Ave Vigo-Ourense por Cerdedo ten unha especial importancia xa que esta liña implica unha saída directa do sur de Galicia para conectar coa meseta.

Este treito ferroviario de alta velocidade e obxecto de numerosas disputas políticas e discusións técnicas, primeiro polos anuncios feitos por algúns dirixentes socialistas, como o actual alcalde de Vigo, sobre a súa posta en servizo no ano 2012 e en segundo lugar, por opinións vertidas sobre a idoneidade do trazado.

O certo é que despois de 3 anos de publicarse no BOE, o proceso de información pública deste treito, unha vez descartadas as iniciais alternativas de trazado que percorrían polo corredor do río Miño, o Ministerio de Fomento propuxo finalmente a alternativa denominada "alternativa O Carballiño Sur + Cerdedo Sur", e cúa declaración de impacto ambiental foi aprobada recentemente polo Ministerio de Medio Ambiente.

Polo dito, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitar que no ano 2010 se contrate conxuntamente o proxecto e obra do Ave Vigo-Ourense por Cerdedo para acelerar a execución desta liña.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 12:00:10**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 12:00:15**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 12:00:24**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Modesto Pose Mesura**, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A Lei 2/2007, de 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres, e no seu artigo 11 establece que, os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade autónoma que, carecendo de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na administración da Comunidade Autónoma.

Tamén establece a obrigatoriedade nos termos pactados cando se estableza nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa con respecto ás empresas incluías no seu ámbito de aplicación ou nos convenios de empresa de calquera ámbito.

A consellería de Traballo e Benestar non esta levando a cabo o cumprimento efectivo da Lei de traballo en Igualdade entre homes e mulleres no que se refire aos plans de igualdade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.º) Que elabore e poña en marcha os plans de igualdade na administración autonómica, organismos autónomos e sociedades dependentes ou vinculadas a Xunta de Galicia, para dar cumprimento a Lei aprobada polo Parlamento galego.



Grupo Parlamentario

2.º) Fomentar e impulsar a través das relacións laborais, que na negociación dos convenios colectivos se acorden elaborar no seno das empresas, plans de igualdade no traballo que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Ricardo Varela Sánchez  
Carmen Acuña Docampo  
Beatriz Sestayo Doce  
Modesto Pose Mesura

Deputados e Deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 22/03/2010 13:10:27**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 22/03/2010 13:10:31**

**María Carmen Acuña Docampo na data 22/03/2010 13:10:36**

**Beatriz Sestayo Doce na data 22/03/2010 13:10:39**

**Modesto Pose Mesura na data 22/03/2010 13:10:49**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2010 13:10:53**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2010 17:45  
**Nº Rexistro: 29172**  
Data envío: 22/03/2010 17:45:02.915

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O aumento dos casos nos últimos anos fai que o cancro de colon sexa hoxe en día o primeiro cancro por incidencia, supoñendo entre o 10% e o 15% de todos os tumores, e tamén a segunda causa de morte no Estado español.

Unha detección precoz desta enfermidade permitiría curar o 90% dos casos e temos á nosa disposición mecanismos non invasivos, como a proba de sangue en feces, útiles para realizar esta detección precoz a través de programas de cribado entre a poboación asintomática a realizar tanto dende os servizos sanitarios como nas revisións médicas nas empresas.

Algunhas Comunidades autónomas teñen xa implantado un programa de cribado activo que ademais é recomendado por importantes sociedade científicas.

Por este motivo, o BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas:

1. Deseñar e poñer en marcha, de maneira inmediata, un programa de cribado



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:45  
Nº Rexistro: 29172  
Data envío: 22/03/2010 17:45:02.915

activo para detectar precozmente o cancro de colon en persoas asintomáticas utilizando métodos non invasivos, con accións a realizar dende saúde pública e atención primaria e preparando os servizos de atención especializada para atender a nova demanda de probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que xere o cribado.

2. Incorporar, como obriga dos Servizos de Prevención competentes, a realización destas probas nas revisións médicas das empresas.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/03/2010 17:18:03**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/03/2010 17:18:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 22/03/2010 17:46  
**Nº Rexistro: 29174**  
Data envío: 22/03/2010 17:46:24.726

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O Parlamento de Galiza aprobou a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza. Esta lei conforme ás disposicións do Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, e cuxa entrada en vigor tivo lugar o 1 de marzo de 2004, pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas de paisaxe, entendendo a paisaxe como «elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos», tal e como así a define o devandito convenio.

Esta lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galiza, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. Tal e como se establece no artigo 1º da propia Lei.

A lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza, establece unha serie de instrumentos para o seu desenvolvemento e aplicación en canto a asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:46  
Nº Rexistro: 29174  
Data envío: 22/03/2010 17:46:24.726

O BNG considera que a paisaxe desempeña un importante papel de interese xeral nos campos cultural, ecolóxico, medioambiental, social e económico. Ademais, a súa protección, xestión e ordenación poden contribuír á creación de emprego.

A paisaxe contribúe á formación das culturas, sendo un compoñente fundamental do noso patrimonio natural e cultural que contribúe ao benestar das persoas e á consolidación da nosa identidade nacional.

Polo tanto, os nacionalistas entendemos que é necesario desenvolver a Lei de Protección da Paisaxe de Galiza, así como impulsar, por parte do Goberno da Xunta, unha liña de colaboración cos concellos para garantir o cumprimento da mesma.


Por todo iso, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Desenvolver a Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, en particular a:

- a) Constituír o Observatorio Galego da Paisaxe.
- b) Elaborar:
  - Os Catálogos da paisaxe.
  - Directrices da paisaxe.
  - Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

2.- Por en marcha unha liña de colaboración cos concellos destinada a promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:46  
Nº Rexistro: 29174  
Data envío: 22/03/2010 17:46:24.726

aseguren o cumprimento dos fins contidos na Lei de Protección da Paisaxe de Galiza.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG.


Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 22/03/2010 17:40:01**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/03/2010 17:40:06**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos deputados **Henrique Viéitez Alonso** e **Carlos Ignacio Aymerich Cano** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 5ª (Sanidade, Política Social e Emprego)** relativa ao centro de día de Mondariz.

Construído polo Goberno Galego anterior, a construción do centro de día de Mondariz tivo un orzamento total de 1.131.007 euros, cunha participación do propio Concello de da Deputación Provincial de Pontevedra.

Feito para dar resposta a unha demanda das persoas cunha situación de dependencia e para favorecer a estancia no propio entorno e a integración social, foi realizado para dar un servizo de benestar cunha capacidade de 40 prazas.

A data de hoxe, fai mais dun ano que esta rematado e nin o alcalde nin o novo xerente do Consorcio Galego de Benestar son quen de informar cando vai ser posto en marcha nin con que criterios vai procederse a súa apertura.

Fronte ao anuncio de inicio de novos centros dos cales moitos non teñen nin tan sequera proxecto, parece do máis lóxico e razoábel que se abran os xa construídos, caso do de Mondariz, e dar así unha resposta acaída e en tempo e forma.

Dadas as repercusións graves que xa esta xerando esta inacción é polo que formulamos a seguinte Proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego á equipar e abrir de xeito inmediato e urxente o centro de día xa rematado e situado no concello de Mondariz.**

Santiago de Compostela, 22 de Marzo do 2010

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 23/03/2010 10:20:38**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/03/2010 10:20:55**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Lage Tuñas** e **Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de **impulsar a mellora dos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración Autonómica**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A finais do ano 2009 o Goberno galego derivaba toda a súa responsabilidade aos tribunais de xustiza, sen esclarecer que cargo ou cargos da Xunta de Galicia ostentaban a responsabilidade política da tutela efectiva dos procesos selectivos dos grupos C1 e C2.

Agora estamos diante dun grave caso onde os membros dos tribunais son á súa vez aspirantes a prazas dentro do mesmo subgrupo (A1), sendo examinados e valorados por compañeiros e compañeiras do mesmo tribunal ao que pertencen.

Vimos de coñecer que hai dúas persoas que, sendo opositores na promoción interna ao subgrupo A1, son compañeiros de tribunal noutros procedementos selectivos do presidente e secretaria que os está avaliando naquel.

Concretamente, trátase de dous xefes de servizo da Consellería de Facenda con responsabilidades no ámbito orzamentario e que optando polo dereito á promoción interna nun proceso selectivo, tamén son membros dos tribunais no proceso selectivo de acceso libre. En ambos os dous casos, trátase do



Grupo Parlamentario

mesmo subgrupo, o A1, no que os opositores en cuestión tamén son examinadores.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este escándalo que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

O Partido Popular vén amparando co seu silencio este tipo de prácticas tal e como se puxo de manifesto no pasado ano 2009 cando se coñeceu a existencia de filtracións nos exames das oposicións dos grupos C1 E c2.

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo evadiu daquela a súa responsabilidade derivando o proceso ao ámbito xudicial e aínda hoxe foron incapaces de dicirle aos galegos e galegas quen é o responsable político da Xunta que asuma a responsabilidade do que sucedeu coas filtracións dos exames.

Vese con claridade unha dobre vara de medir este tipo de asuntos públicos por parte de quen agora dirixen o goberno de Galicia e ata fai pouco formaban parte da oposición. Na pasada lexislatura o Partido Popular esixía que se asumiran responsabilidades políticas pola perda dos exames dunhas oposicións, motivo polo que un director xeral do goberno progresista dimitiu, pero agora os mesmos que pedían dimisións gardan un clamoroso silencio.

Agora estamos diante dunha situación escandalosa que pon ás claras a falta de control e de escrúpulos por parte do Goberno de Galicia, ao permitir que os mesmos que examinan a opositores no turno de acceso libre sexan ao mesmo tempo avaliados polos seus compañeiros de tribunal para o acceso ao mesmo subgrupo da Administración.

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Trátase de dotar á Administración pública galega de maior seguridade nas súas actuacións e sobre todo garantir a igualdade de oportunidades dos cidadáns que deciden presentarse a probas de acceso a un emprego público.

Consideramos necesario modificar o proceso de designación dos tribunais e comisións de selección para garantir transparencia e especialización, e evitar tamén que sempre sexan as mesmas persoas as que acaben copando as presidencias e as vocalías dos tribunais de oposicións.

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións.

Co obxecto de darlle seguridade e garantías de limpeza e imparcialidade aos cidadáns que se presentan aos procesos selectivos de acceso á función pública, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

### **O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:**

- 1. Modificar os procesos selectivos actuais de acceso ao emprego público da Administración Autonómica co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade en futuras convocatorias.**
- 2. Iniciar as actuacións precisas para dotar con urxencia á Administración Autonómica dun órgano estable de xestión dos procesos selectivos, introducindo mecanismo de control que eviten a presenza reiterada das mesmas persoas nas presidencias e nas vocalías dos tribunais de oposicións.**





Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. **Artellar un mecanismo electrónico de elaboración das preguntas das probas de selección para o acceso á función pública que asegure a imposibilidade das filtracións e garante a igualdade de oportunidades de tódalas persoas que opositan.**
4. **Reducir ao máximo posible o recurso á participación externa nos diferentes procedementos que se seguen durante proceso selectivo de acceso á función pública.**

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputado - Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 11:01:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2010 11:01:49**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputado se deputada, **Rosendo-Luis Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Segundo se puido saber, a Consellería de Sanidade ten intención, e mesmo empezou a traballar, no deseño dun aplicativo denominado "Expedient-e único do profesional", que tería como finalidade centralizar e unificar os méritos de todos/as traballadores do sistema sanitario público galego.

Desta maneira, os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada, etc., etc., así como outras actividades, serían achegados unha única vez polo profesional, e entenderíana presentados para todos os procesos xestionados na área de Recursos Humanos na que o profesional queira participar.

Vantaxes de resolución máis áxil de baremacións, modernización da xestión, etc., que tería un impacto positivo para profesionais da Administración sanitaria e para aqueles que se atopan nas listas de contratación temporal.

Á vista dos aspectos positivos do aplicativo, é polo que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo o desenvolvemento dun Sistema Informático para Centralizar os méritos do Curriculum Vitae dos seus profesionais.

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 23/03/2010 18:06:17**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 18:06:26**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 18:06:31**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 18:06:35**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 18:06:40**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 18:06:47**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas e deputados **Emma Alvarez Chao, José Manuel Balseiro Orol, Ignacio J. López-Chaves Castro e Marisol Piñeiro Martínez**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

### **Exposición de Motivos**

A finais do século XX, no ano 1905 dous irmáns emigrantes en Cuba, os irmáns Pedro e Juan Moreno Ulloa, inician, ao lado do Pazo de Ibáñez en Ribadeo a construción dun edificio que hoxe é o edificio máis representativo da vila mariñana, é o coñecido como a Torre dos Morenos, por ser esta, o elemento que máis destaca na súa construción.

De planta rectangular, consta de cinco plantas, cunha concepción moi avanzada para a época polo emprego dunha estrutura mixta de formigón e ferro. Alcanza un alto perfeccionismo en alicatados, solos de mármore, forxas de ferro e cristaleiras. Destaca especialmente a torre cunha pequena cúpula sostida por catro cariátides e techume roxiza de cerámica vidriada. É de estilo ecléctico con ornamentacións que apuntan ao modernismo.

Na actualidade a Torre dos Moreno, cúa propiedade está nun 79% en mans privadas e nun 21 % en mans do Concello de Ribadeo, é a imaxe do abandono: cornisas desprendidas, cascotes que colgan do voladizo de rede metálica que se colocou na fachada despois de que un fragmento de formigón caese sobre a capota dun coche, desconchados nas paredes, herbas que asoman nas balconadas, ferros carcomidos, etc..

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo cantos trámites e medidas sexan necesarias para evitar que o edificio emblemático de Ribadeo, a Torre dos Morenos, se derrube quedando a Mariña de Lugo sen un dos seus edificios indianos máis relevante.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 24/03/2010 13:05:31**

**María Emma Álvarez Chao na data 24/03/2010 13:05:35**

**José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2010 13:05:42**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/03/2010 13:05:50**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/03/2010 13:05:55**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **José Tomé Roca, Abel Losada Alvarez, María Concepción Burgo López e María Remedios Quintas Alvarez**, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª** Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O ano 2009 foi un ano complicado para o sector da madeira galego ao que lle afectou a crise de xeito especial, sendo este un sector moi importante para a economía de Galicia, que viu como se perdían 3.300 empregos e facturou no pasado ano un 28% menos que en 2008.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

Establecer, antes de tres meses, medidas específicas de axudas para o sector da madeira galego, acordadas co propio sector para reactivar o dinamismo da actividade económica e recuperar a creación de emprego.


Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Abel Losada Alvarez  
Concepción Burgo López  
María Quintas Alvarez

Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 24/03/2010 12:13:24**

..... **Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/03/2010 12:13:27**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Concepción Burgo López na data 24/03/2010 12:13:39**

..... **María Remedios Quintas Álvarez na data 24/03/2010 12:13:45**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/03/2010 12:13:49**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura e María Carmen Acuña do Campo**, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 5ª**.

O ano 2009 foi un ano complicado para o sector da madeira galego ao que lle afectou a crise de xeito especial, sendo este un sector moi importante para a economía de Galicia, que veu como se perdían 3.300 empregos e facturou no pasado ano un 28% menos que en 2008.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a:

Establecer, antes de tres meses, medidas específicas de axudas para o sector da madeira galego, acordadas co propio sector para reactivar o dinamismo da actividade económica e recuperar a creación de emprego, para o retorno dos traballadores que no último ano perderon o emprego neste sector.

Pazo do Parlamento, a 23 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Ricardo Varela Sánchez  
Beatriz Sestayo Doce  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**José Tomé Roca na data 24/03/2010 12:11:02**

**Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 24/03/2010 12:11:04**





 Grupo Parlamentario

**Beatriz Sestayo Doce na data 24/03/2010 12:11:07**

**Modesto Pose Mesura na data 24/03/2010 12:11:31**

**María Carmen Acuña Docampo na data 24/03/2010 12:11:38**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/03/2010 12:11:41**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 13:25  
**Nº Rexistro: 29285**  
Data envío: 24/03/2010 13:25:26.886

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, en relación cos Premios da Cultura Galega.

Na sesión plenaria do 23 de Marzo o Conselleiro de Cultura e Turismo rectificaba a decisión de privar á cultura galega duns premios para recoñecer a labor dos nosos creadores e creadoras. Mais segundo as súas propias palabras “era necesaria unha reformulación”. A reformulación pola que opta a Consellaría non vai pola vía de mellorar e ampliar, senón simplemente reducir. Das dez categorías da edición dos Premios Nacionais da cultura galega, temos a versión reducida a cinco e a eliminación da referencia “nacional” a quen esta consellaría parece ter aversión. Concretamente as categorías de Arquitectura, Audiovisual, Cultura de base, Cultura científica, Música e Iniciativa Cultural desaparecen, non merecendo mención nin recoñecemento por parte da Xunta de Galiza. Require como mínimo unha explicación esta decisión, pois non hai razóns obxectivas para que desaparezan estas categorías. Non son acaso cultura? Non son estas disciplinas dignas dun recoñecemento por parte do Goberno Galego?

Parécenos ben que o goberno rectifique nesta materia, mais non entendemos as razóns que levan a esta redución. Se botamos man da comparación, semella demasiado cativo o recoñecemento. Os Premios Nacionais de Cultura que outorga o Goberno español teñen vinteseite categorías, os de Cataluña dezasete. Para a actual Xunta de Galiza dez categorías debían ser un exceso e demostran o seu apoio e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 13:25  
Nº Rexistro: 29285  
Data envío: 24/03/2010 13:25:26.886

promoción da cultura cuns mini-premios que deixan fóra a unha boa parte dos nosos creadores e creadoras.

Consideramos polo tanto que o Goberno debe reconsiderar esta posición. A maneira de demostrar o apoio e recoñecemento coa cultura deste país terá que vir da man de incrementar os recursos, o recoñecemento e prestixio social e non polo camiño de reducir.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a incluír na convocatoria dos premios da cultura galega categorías que recoñezan a labor dos nosos creadores e creadoras nos ámbitos de Arquitectura, Audiovisual, Cultura de base, Pensamento e Cultura científica, Música e Iniciativa Cultural.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/03/2010 13:10:51**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 17:36  
**Nº Rexistro: 29299**  
Data envío: 24/03/2010 17:36:36.742

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco** e do seu deputado **Alfredo Suárez Canal**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao impulso de medidas para a reactivación da Baixa Limia.

O Proxecto Integral de Reactivación da Baixa Limia concibiuse como un instrumento esencial para acceder á vertebración territorial, económica e social desta comarca a través da revalorización e optimización dos seus recursos endóxeos.

Entre outras actuacións que se establecían neste proxecto son de destacar a dotación de 200.000 m<sup>2</sup> de superficie do solo empresarial e a construción dunha ponte que enlace a zona de Santa Comba (en Bande) con Rañadoiro en Muíños, unindo deste xeito as dúas marxes do encoro.

Estas actuacións estaban inseridas nun ambicioso plan de intervención en diversos ámbitos territoriais e sectoriais que se definiron Plan Director Proxecto Quarquenia que fora elaborado pola extinta Consellaría de Vivenda e Solo.

Non se trataba dunha actuación maioritariamente de nova intervención senón, pola contra, de actuacións de renovación e reconstrución na que só se contemplaban pequenas actuacións de infraestruturas que terían como finalidade solventar determinadas carencias da comarca.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


Para poder acometer a construción de ponte e a dotación de solo empresarial, tendo en conta que están ubicadas en concellos nos que non existe planeamento municipal, era preciso acudir a outros instrumentos dos contemplados na lei de Ordenación Urbanística e de protección do medio rural de Galiza, tais como proxectos sectoriais e de urbanización.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o desenvolvemento das medidas e actuacións que se conteñen neste proxecto continúan a ser imprescindíbeis para impulsar a actividade económica e social na comarca da Baixa Limia, e para a mellora da calidade de vida, sendo ademais outro elemento positivo a ter en conta a colaboración institucional na súa xestión, coa implicación de todos os concellos e a participación activa do movemento asociativo da comarca no proxecto.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que, tomando como base o Plan Director Proxecto Quarquenia, impulse medidas para a reactivación económica e social da comarca da Baixa Limia e a que proceda, previa realización dos trámites administrativos necesarios, á dotación dun parque empresarial nesta comarca e á construción dun novo eixe de comunicación construíndo unha ponte que una as dúas marxes do encoro.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 17:36**  
**Nº Rexistro: 29299**  
Data envío: 24/03/2010 17:36:36.742


Asdo.: María Tereixa Paz Franco  
Alfredo Suárez Canal  
Deputada e deputado do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 24/03/2010 17:26:55**

**Alfredo Suárez Canal na data 24/03/2010 17:27:01**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/03/2010 17:27:05**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 18:23  
**Nº Rexistro: 29310**  
Data envío: 24/03/2010 18:23:50.172

## Á MESA DO PARLAMENTO

O GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano** e das súas deputadas **Ana Luísa Bouza Santiago** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu tratamento en **Comisión**, relativa á non repercusión da suba do IVE nas portaxes da AG-55 entre A Coruña e Carballo.


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 16 de Marzo, na súa intervención no debate do estado da nación, o Presidente da Xunta anunciou que o Imposto de Transmisiós Patrimoniais non ía repercutir a próxima suba do IVE. Porén semella que esta decisión restrínxese exclusivamente a este tributo e non ao resto dos tributos, taxas e prezos públicos de competencia autonómica, entre os que se encontran as portaxes das autoestradas de competencia galega.

No caso concreto da AG-55, e cando aínda non se fixo efectiva a rebaixa anunciada para os utentes habituais desta vía, a suba do IVE apartir do vindeiro 1 de Xullo ameaza con eliminar a virtualidade práctica que esta rebaixa tería, caso de se producir.

É por iso que se formula a seguinte

### PROPOSICIÓN NON DE LEI



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 18:23**  
**Nº Rexistro: 29310**  
Data envío: 24/03/2010 18:23:50.172

O Parlamento insta á Xunta a non repercutir a suba do IVE nas portaxes da AG-55 entre A Coruña e Carballo.

Santiago de Compostela, 24 de Marzo de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 24/03/2010 18:22:21**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 24/03/2010 18:22:24**

**Teresa Táboas Veleiro na data 24/03/2010 18:22:28**





## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa dos deputados Miguel A. Santalices Vieira, Rosendo Fernández Fernández, Antonio Rodríguez Miranda, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco, e ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

As oficinas de atención ao colectivo inmigrante, con sede en sete grandes cidades galegas, están financiadas polo Fondo para a Integración e reforzo Educativo dos Inmigrantes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Estas oficinas verán recortados no 2010 o seu presuposto nun 50% o que as coloca nunha situación moi difícil, xa que se ven afectadas directamente as partidas de gasto social que concirnen á poboación extracomunitaria.

Este asunto, que se intúe grave, necesita unha solución.

Por iso,

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Demandar do Goberno central o esforzo económico necesario para manter estas oficinas.
- 2.- Que a Xunta de Galicia manteña as oficinas de atención ao colectivo inmigrante.”

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 25/03/2010 10:16:25**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/03/2010 10:16:34**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 25/03/2010 10:16:41**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 25/03/2010 10:16:48**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 25/03/2010 10:16:52**

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 25/03/2010  
10:17:02**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Beatriz Sestayo Doce**, a través dos eu portavoz e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**

### Exposición de motivos

O concello de Ares é un fermoso municipio costeiro, vinculado historicamente ao mar. A pesares desta circunstancia e da demanda dos traballadores/as do sector o municipio presentaba unha serie de carencias importantísimas para o mesmo.

O anterior Goberno da Xunta asumiu o compromiso da mellora das infraestruturas e equipamentos pesqueiros de Ares. Así, concretamente a través da Consellería de Pesca destinou un orzamento de 644.000 euros que foron para a adquisición dunha carretilla elevadora, unha máquina de xeo e a construción dunha nave de departamentos para uso dos integrantes do pósito. Esta última actuación ten unha especial importancia para a confraría, xa que os traballadores do mar de Ares non dispoñían de ningún local no que deixar os seus aparellos e desenvolver as súas actividades de forma axeitada, polo tanto, a construción desta nave convertíase nun fito de relevancia para o sector, que veu satisfeita unha demanda histórica. O edificio conta cunha superficie total de 1.174,65 metros cadrados, dos que 985,77 son útiles, e os servizos que prestará cobren as necesidades destes traballadores, xa que o inmovible dispón de oito departamentos de usuarios: vestíbulo, almacén xeral, almacén de caixas, zona de cámaras frigoríficas, aseos, duchas, distribuidor e zona de redes.

Unha vez rematada a actuación principal, unha obra rematada dende hai un ano, o certo é que o actual Goberno da Xunta de Galicia segue a manter pechada dita nave, iso si, cobrando as taxas aos profesionais do mar como si puideran usala, constituíndo un abuso impresentable para os traballadores do mar de Ares que teñen protestado por esta circunstancia.



Grupo Parlamentario

Para máis atropelo do porto de Ares, dos traballadores do mar e do propio municipio, ampliouse a mariña seca do porto de Ares, levouse a cabo unha nova actuación correspondente a un foso para a colocación dun travel lift absolutamente necesario, dada a carencia destas infraestruturas na zona, e a dispoñibilidade da dotación necesaria no municipio aresán. Unha vez máis atopámonos co remate da ampliación do Porto, o remate do foso, pero a falla do travel segue a ser unha demanda que os profesionais veñen esixindo á Xunta de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) A Poñer a disposición dos profesionais do mar de Ares a nave de departamentos con todos os servizos precisos para o axeitado desenvolvemento da súa actividade

2) A radicar, de forma inmediata, o travel lift no porto de Ares, a fin de dar o servizo imprescindible para as embarcacións.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



Grupo Parlamentario

**Beatriz Sestayo Doce na data 25/03/2010 10:33:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/03/2010 10:33:09**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga** e da súa deputada **Beatriz Sestayo Doce**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

### Exposición de motivos

O Concello de Santiago ten posto a disposición da Xunta de Galicia un terreo situado na zona coñecida como Monte dos Postes, a carón do Conservatorio de Música para a construción dunha residencia para a terceira idade; terreo que ten a cualificación urbanística precisa para a construción de equipamentos en materia social.

Esa edificación permitiría ampliar a oferta de prazas en residencias de carácter público, que. Como é ben coñecido, permiten atender unha demanda procedente de toda Galicia: en moitas ocasións os familiares directos de persoas maiores doutros lugares que solicitan prazas en residencias sí viven en Santiago de Compostela ou o seu entorno, de xeito que esa aproximación permite un maior e máis doado contacto entre familiares.

De feito, na residencia de As Rodas as listas de agarda son grandes. Certo é que previsiblemente despois do verán pode estar en funcionamento unha nova residencia en Pontepedriña, construída pola Fundación José Otero e Carmela Martínez, e que o Concello de Santiago poñerá a disposición da Xunta de Galicia. Pero existen reservas a favor dos traballadores e familiares da empresa José Otero e tan só unhas poucas prazas terán un carácter público

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un compromiso inequívoco e un calendario de construción da residencia pública en Monte dos Postes en Santiago de Compostela, de xeito que poida abrirse antes de que remate esta lexislatura.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2010 11:10:10**

**Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 11:10:19**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **M<sup>a</sup> del Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, Beatriz Sestayo Doce e José Tomé Roca**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

A rede de atención ás drogodependencias está formada por dispositivos asistenciais e equipos de prevención.

O Plan de Galicia sobre Drogas actual remataba no ano 2009 foi prorrogada ata o 2010 e mentres estase a redactar un novo Plan.

Descoñecementos como vai ser a nova formulación que pretende darlle o Goberno popular a este grave problema de saúde, nin sequera sabemos as datas que a Consellería baralla para que entre en funcionamento ese novo Plan.

Por outra parte, os convenios vixentes cos concellos para a prevención rematan no mes de xuño sen que saiban ata o de agora nada sobre a súa posible continuidade. E no que respecta á parte asistencial da atención aos drogodependentes que se imparten tamén nas unidades municipais debería saír neste mes ou no próximo, unha nova Orde de subvención que garanta a súa continuidade, pero ata o de agora non ten saído nada creando grande incerteza, tanto nos concellos como entre os usuarios e as súas familias e, por suposto, os traballadores e traballadoras destes servizos.

Incerteza e desconfianza derivadas de falta de transparencia da Consellería de Sanidade do Goberno do Sr. Feijóo e do nulo respecto e consideración que demostra este Goberno pola opinión dos profesionais deste sector aos que non están tendo en conta na elaboración do novo Plan.





Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:**

- 1. Que os profesionais de drogodependencias participen activa e directamente no proceso de deseño e elaboración do Plan de Galicia sobre Drogas, así como en todas aquelas ferramentas que se fagan para regular a atención ás drogodependencias en Galicia.**
- 2. Que a Consellería de Sanidade prorrogue de forma inmediata todos os convenios existentes, tanto asistenciais como preventivos, para que poidan seguir prestando a mesma atención que ata o de agora mentres non entre en vigor o novo Plan.**

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
Beatriz Sestayo Doce  
José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Acuña Docampo na data 26/03/2010 12:00:26**

**Modesto Pose Mesura na data 26/03/2010 12:00:32**



---

■ Grupo Parlamentario

**Beatriz Sestayo Doce na data 26/03/2010 12:00:40**

**José Tomé Roca na data 26/03/2010 12:00:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2010 12:00:52**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa dos deputados e deputada, **Rosendo-Luís Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, José Manuel Baltar Blanco e Yolanda Díaz Lugilde**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei, para o seu debate en Comisión**.

Foi o Partido Popular (PP) no Goberno do Estado cando, por primeira vez en España, elabóranse as bases para o desenvolvemento dun Plan Nacional de Coidados Paliativos, aprobado polo Pleno do Consello Interterritorial do SNS o 18 de decembro de 2000.

Así mesmo, foi un Goberno do PP que regulou xuridicamente os coidados paliativos coa Lei 41/2002, que no seu Artigo 11 establecía que cada servizo de saúde debía regular o procedemento axeitado para que, chegado o caso, se garantira o cumprimento das instrucións previas de cada persoa que debería constar sempre por escrito.

Tamén foron autonomías con gobernos do PP, Valencia e Navarra, as primeiras en regular este principio de limitación do esforzo terapéutico a través do Testamento Vital.

Pero non foi ata 2007, xa con gobernos dos socialistas, que se aprobou o Real Decreto 124/2007 que regula o rexistro nacional de instrucións previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal. Foi en xullo dese mesmo ano cando se aprobou a Estratexia Nacional de Coidados Paliativos no SNS seguindo as bases do Plan do Goberno do PP.

O Goberno Socialista ten presentado tres anos despois, o informe de situación sobre o grado de cumprimento da estratexia. E os resultados deste informe amosan as enormes desigualdades que existen entre autonomías.



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

A ausencia de liderazgo do Ministerio de Sanidade e Política Social ten provocado situacións como as do pasado 17 de marzo, cando o pleno do Parlamento andaluz aprobou a Lei de Dereitos e Garantías da Dignidade das Persoas no Proceso da Morte, que contou co apoio do PP, a excepción dalgúns artigos, que non fai senón recoller os principios xa aprobados noutras lexislacións anteriores.

Recoñecendo a aportación desta normativa, desde o PPdeG, consideramos que os dereitos dos cidadáns no SNS deben ser universais e que corresponde ao Goberno Central, a través do seu Ministerio de Sanidade e Política Social velar pola equidade nos dereitos dos cidadáns.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- Dirixirse ao Goberno de España para que, a través do Consello Interterritorial de Saúde, asegure a equidade do dereito a unha morte digna mediante:
  - . Elaboración, en cooperación con todas as CCAA, dunha normativa básica que regule o exercicio dos dereitos da persoa na última fase da súa vida.
  - . A identificación e definición común de obxectivos en materia de coidados paliativos.
  - . A definición dos instrumentos de medida (estatísticas, indicadores, directrices).
  - . A promoción da avaliación comparativa e o intercambio das mellores prácticas co fin de incorporar as potenciais melloras.

Santiago de Compostela, 26 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 26/03/2010 14:15:53**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 26/03/2010 14:16:01**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 26/03/2010 14:16:05**

**Dámaso López Rodríguez na data 26/03/2010 14:16:10**

**José Manuel Baltar Blanco na data 26/03/2010 14:16:16**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 26/03/2010 14:16:23**



## Grupo Parlamentario Popular de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa do deputado José López Campos, ó abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

### Exposición de Motivos

A Cidade do Moble é un dos proxectos máis ambicioso que ten planeado A Estrada de cara a reforzar a situación do sector produtivo máis importante desta localidade e da súa comarca, o sector da madeira.

Na actualidade este sector está nunha situación difícil pola actual situación económica, pero ademais ten un problema de atomización, diversificación, competitividade e comercialización. A Cidade do Moble permitiría desenvolver un proxecto dinamizador e diferenciado, pois está concibido para ser un polígono sectorial da madeira, con infraestruturas comúns que permitan potenciar os aspectos organizativos, de xestión e de comercialización.

Unha das principais potencialidades do sector empresarial estradense é a formación e cualificación dos seus traballadores, que aportan un importante valor engadido ao produto final, pero que carece dos correspondentes canais de comercialización. Esta situación agravarase coa apertura neste ano de un centro comercial da multinacional do moble IKEA.

Compre polo tanto anticiparse e sentar as bases do futuro do noso tecido empresarial, neste caso do sector do moble e a madeira, e A Estrada é a Capital do Moble de Galicia.

POR ISO,



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

“O Parlamento insta a XUNTA DE GALICIA a colaborar dende a Consellería de Economía e Industria co proxecto da Cidade do Moble da Estrada e apoiar a posta en marcha dun centro de vendas, compras e servizos do moble galego neste polígono sectorial.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 29/03/2010 10:04:49**

**José Carlos López Campos na data 29/03/2010 10:04:55**



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez, José Tomé Roca** e das deputadas **Concepción Burgo López, María Quintas Alvarez** e, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de Motivos

O transporte aéreo tense configurado nos derradeiros anos como un elemento estratéxico do desenvolvemento económico das cidades e dos países.

A participación dos diferentes gobernos para potenciar rutas e conexións aéreas entre os diferentes aeroportos tense convertido nunha práctica habitual.

O que non pode ser, na opinión dos socialistas, é que esa participación dos poderes públicos se converta nun elemento que distorsione a competitividade dos diferentes territorios. Iso é o que está a ocorrer coas subvencións da Xunta de Galicia a compañía aérea *Vueling*, para potenciar determinadas rutas aéreas en Galicia.

Unha vez iniciados os vos a Bruxelas, Amsterdam e Zürich, observamos que o aeroporto de Vigo se queda sen ningunha conexión desa compañía os dous grandes centros aéreos de Europa, que son París (os seus 2 aeroportos moven case 90 millóns de pasaxeiros/ano), e sobre todo Londres, os seus 5 aeroportos moven máis de 130 millóns de pasaxeiros o ano, coas posibilidades de conexión que isto supón.

A compañía *Vueling* terá conexión dende o aeroporto de Coruña a Londres e Amsterdam (47 m. de pasaxeiros), dende Santiago a París e Zürich (22 m. de pasaxeiros), e dende Vigo, unicamente a Bruxelas (17 m. de pasaxeiros).





Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que apoie o mantemento da ruta Vigo - Londres coa compañía *Vueling*, para manter unha oferta equilibrada dos seus destinos dende os tres aeroportos galegos.**

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2010

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Tomé Roca

Concepción Burgo López

María Quintas Alvarez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/03/2010 11:15:27**

**José Tomé Roca na data 30/03/2010 11:15:33**

**María Concepción Burgo López na data 30/03/2010 11:15:39**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 30/03/2010 11:15:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/03/2010 11:15:50**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seus deputados **José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de que a Xunta de Galicia asuma os custes de mantemento e equipamento para o desenvolvemento da TDT nos concellos de Arousa Norte, Noia e Muros.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de Motivos

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinaron en decembro de 2008, un convenio marco de colaboración para a execución do Plan Nacional de transición á TDT.

Posteriormente, en agosto de 2009, acórdase entre as citadas administracións a incorporación dunha addenda ao citado convenio marco.

Os obxectivos destes documentos consisten en concretar un compromiso entre as administracións concordantes, planificando as actuacións a desenvolver para a extensión da TDT a todo o territorio da Comunidade Autónoma, así como o financiamento necesario a aportar por ámbalas dúas administracións asinantes.

O convenio non contempla o concurso doutras Administracións públicas no financiamento do Plan de transición á TDT.

Tendo en conta todo o previsto nos citados acordos, sorprende a intencionalidade da Xunta de Galicia, de implicar aos Concellos no financiamento de determinadas operacións de desenvolvemento do Plan, especialmente o que atinxe ao mantemento futuro dos equipos e gastos de operación, é dicir, de limpeza e electricidade.

De ser así, os Concellos de Arousa Norte, Noia e Muros, especialmente os que contan con menos recursos, terían que asumir uns custes non dispoñendo de recursos suficientes para facerlles fronte.



Grupo Parlamentario

O actual Plan Nacional de Transición TDT establece o marco de actuación para o cese de emisións en tecnoloxía analóxica que no caso de Galicia executarase o vindeiro 3 de abril como data límite.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Á súa vez fixa uns obxectivos de cobertura do 98%, quedando ese 2% por distintas razóns tecnolóxicas nas denominadas “zonas de sombra” de Arousa Norte, Noia e Muros.

A existencia de “zonas de sombra” fai que unha parte da poboación se vexa privada do acceso á Televisión Dixital Terrestre.

Os socialistas galegos entendemos que as Administracións públicas teñen que facer un esforzo, nomeadamente a Xunta de Galicia, para acadar o obxectivo de cobertura universal do sinal da TDT e alcanzar deste xeito ao 100% da poboación.

Débase achegar a Televisión Dixital Terrestre vía satélite aos cidadáns que se atopan dentro das denominadas “zonas de sombra” para facilitar o seu acceso á TDT.

É preciso levar que a Xunta de Galicia cubra os custes a maiores que terán aqueles cidadáns que só poidan acceder TDT vía satélite, minimizando os custes deste sistema de acceso e igualando as condicións de acceso co resto da poboación.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a financiar todas cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento do Plan de transición da TDT, en cumprimento dos acordos asinados no seu día entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria , Turismo e Comercio, de xeito que :

- 1) Se garanta a chegada do sinal da TDT antes do 1 de abril de 2010 ó conxunto dos concellos de Arousa Norte, Noia e Muros e singularmente onde se teñen detectado zonas de sombra onde non pode levar de xeito convencional o sinal da TDT, tendo que recorrer



Grupo Parlamentario

ó satélite, facendo posible que tódolos cidadáns poidan ter garantía o acceso á Televisión Dixital Terrestre, tal como refire o acordo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- 2) A Xunta de Galicia asume os custes do mantemento e equipamento para o desenvolvemento da TDT nos concellos galegos, sen que as Corporacións Locais nin os cidadáns asuman ningún custe para conquistar a extensión da cobertura dixital de acordo co establecido no Plan de transición da TDT, seguindo o acordo acadado co Goberno de España.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 30/03/2010 12:34:13**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/03/2010 12:34:19**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación** para o seu debate en Pleno co obxecto de **coñecer as responsabilidades políticas do Goberno galego polos escándalos coñecidos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración Autonómica.**

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A finais do ano 2009 o Goberno galego derivaba toda a súa responsabilidade aos tribunais de xustiza, sen esclarecer que cargo ou cargos da Xunta de Galicia ostentaban a responsabilidade política da tutela efectiva dos procesos selectivos dos grupos C1 e C2.

Agora estamos diante dun grave caso onde os membros dos tribunais son á súa vez aspirantes a prazas dentro do mesmo subgrupo (A1), sendo examinados e valorados por compañeiros e compañeiras do mesmo tribunal ao que pertencen.

Vimos de coñecer que hai dúas persoas que, sendo opositores na promoción interna ao subgrupo A1, son compañeiros de tribunal noutros procedementos selectivos do presidente e secretaria que os está avaliando naquel.

Concretamente, trátase de dous xefes de servizo da Consellería de Facenda con responsabilidades no ámbito orzamentario e que optando polo dereito á promoción interna nun proceso selectivo, tamén son membros dos tribunais no proceso selectivo de acceso libre. En ambos os dous casos, trátase do mesmo subgrupo, o A1, no que os opositores en cuestión tamén son examinadores.

Este escándalo que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao Goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.



Grupo Parlamentario

O Partido Popular vén amparando co seu silencio este tipo de prácticas tal e como se puxo de manifesto no pasado ano 2009 cando se coñeceu a existencia de filtracións nos exames das oposicións dos grupos C1 E c2.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo evadiu daquela a súa responsabilidade derivando o proceso ao ámbito xudicial e aínda hoxe foron incapaces de dicirle aos galegos e galegas quen é o responsable político da Xunta que asuma a responsabilidade do que sucedeu coas filtracións dos exames.

Vese con claridade unha dobre vara de medir este tipo de asuntos públicos por parte de quen agora dirixen o goberno de Galicia e ata fai pouco formaban parte da oposición. Na pasada lexislatura o Partido Popular esixía que se asumiran responsabilidades políticas pola perda dos exames dunhas oposicións, motivo polo que un director xeral do goberno progresista dimitiu, pero agora os mesmos que pedían dimisións gardan un clamoroso silencio.

Agora estamos diante dunha situación escandalosa que pon ás claras a falta de control e de escrúpulos por parte do Goberno de Galicia, ao permitir que os mesmos que examinan a opositores no turno de acceso libre sexan ao mesmo tempo avaliados polos seus compañeiros de tribunal para o acceso ao mesmo subgrupo da Administración

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Co ánimo de coñecer as responsabilidades que ten pensado tomar o Goberno galego polos graves escándalos que se están producindo nos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Administración autonómica, os deputados asinantes presentan a seguinte **Interpelación** para a súa resposta no pleno do Parlamento de Galicia:

1. Quen é o responsable político dos graves escándalos que se están producindo nas probas de acceso ao emprego público na Administración autonómica?
2. Que decisións vai tomar o presidente da Xunta diante da alarma xerada entre milleiros de opositores pola gravidade dos feitos acaecidos nas probas de acceso á función pública de Galicia?
3. Que medidas urxentes ten pensado adoptar o Goberno galego para evitar filtracións e garantir a imparcialidade nas probas de acceso ao emprego público da Administración autonómica?
4. Cales son os mecanismos que modificará o goberno galego para dotar de maiores garantías aos procesos selectivos de acceso á función pública?
5. Que previsións ten o Goberno galego para realizar unha reforma dos procedementos de elaboración e exame das probas das oposicións?

Parlamento de Galicia, 23 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



---

Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 10:16:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2010 10:17:00**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil e Marisol Soneira Tajés**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Dentro da devandita Orde de axudas inclúense as axudas de indemnización compensatoria dirixidas a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas da montaña, e cumpren unha serie de requisitos establecidos na devandita orde, sendo a contía mínima de indemnización compensatoria 300 euros, e a máxima de 2.500 euros por explotación.

Na dita orde de axudas, introdúcese unha diferenza nas superficies consideradas en cada categoría de aproveitamentos, incorporando aos pastos arbustivos e aos prados con arboredo un coeficiente redutor de 0,15.

Por iso as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto das modificacións introducidas na orde de axudas de indemnización compensatoria, dirixida a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou en zonas distintas da montaña?

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectarán, respecto da contía das axudas, as modificacións introducidas?

3.<sup>a</sup>) Que zonas serán as maioritariamente afectadas por tales modificacións?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto dos efectos, dende o punto de vista económico e medioambiental, consecuencia das modificacións introducidas?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Marisol Soneira Tajés  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 23/03/2010 16:58:13**

**Marisol Soneira Tajés na data 23/03/2010 16:58:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29254**  
Data envío: 23/03/2010 19:16:43.742

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

En recentes informacións aparecidas nos medios de comunicación e declaracións da Conselleira de Facenda, manifestase que Galiza deixará de percibir 111 millóns de euros procedentes da financiación autonómica.

Isto vai repercutir dun xeito claramente negativo nos recursos que Galiza vai dispoñer diante dunha grave crise que ocasionou máis de 234.000 parados neste momento e o peche de máis de 2000 empresas.

Por elo, preséntase a seguinte INTERPELACIÓN:


Cal é a causa pola que pode perder Galiza 111 millóns de euros do financiamento autonómico?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 29254**  
Data envío: 23/03/2010 19:16:43.742

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 23/03/2010 19:16:18**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Táboas Veleiro**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** dirixida ao Goberno galego, relativa á situación actual e os futuros cometidos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

O pasado 11 de Marzo o Goberno do Partido Popular cesou ao Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, organismo adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Territorio creado polo Goberno bipartito co fin de correxir e sancionar a desfeita que traía da man a burbulla inmobiliaria. O relevo do señor Hipólito Pérez por María Martínez Allegue, ex secretaria de Mos e Tui, non é un feito illado no treito andado ata o de agora polo Goberno do señor Núñez Feijóo en materia de urbanismo. Por unha banda o incumprimento da aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio, ou a aprobación de maneira apresurada dunha modificación da Lei do solo que abre as portas a unha maior desfeita do noso territorio.

E no referido a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), ademais do cese do seu Director, tamén se mudaron os seus Estatutos e hai que salientar ao mesmo tempo o desinterés do actual Goberno ante o traballo dos inspectores urbanísticos no ano que levan gobernando.

Por iso e ante esta situación o Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte Interpelación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1ª) Cal foi a razón que motivou o cese do anterior Director da APLU?

2ª) Cal é, o número de actuacións presuntamente constitutivas de infracción urbanística moi grave que se están a tramitar e, en que concellos se atopan?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010

Asdo. Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Táboas Veleiro na data 24/03/2010 12:27:46**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No Debate do Estado da Autonomía o presidente Feijóo comprometeu a ampliación dos espazos protexidos en Galicia nun 4%, citando erroneamente á nosa Comunidade Autónoma como unha das que máis espazo protexido posuía.

En Galicia temos arredor dun escaso 12% dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 e dentro destas figuras tales como os LIC, as ZEPA, etc.

Galicia está a cola das Comunidades Autónomas en materia de protección de espazos naturais como nos veñen lembrando continuamente entidades públicas e privadas de toda índole, mesmo as instancias comunitarias.

Para chegar cando menos a acadar unha porcentaxe de espazo protexido semellante a outras Comunidades Autónomas, xa sen ter en conta as singularidades galegas, deberíamos acadar unha porcentaxe de espazos protexidos entorno ó 18-20%.

Polo exposto e diante das manifestacións do propio presidente, a deputada asinante presenta a seguinte Interpelación:

1. Cal é o proxecto de ampliación de espazos protexidos que defende o Goberno Feijóo?
2. Como quedará Galicia en comparación con outras Comunidades Autónomas na protección de espazos naturais?
3. Cales son os lugares que exclúe o Goberno Feijóo da ampliación da Rede Natura 2000?
4. Que usos serán autorizables e prohibidos nestes novos espazos protexidos e na totalidade de Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2010

Asdo.: Carmen Gallego Calvar



Grupo Parlamentario

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 24/03/2010 13:08:19**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29313**  
Data envío: 24/03/2010 19:14:11.223

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Xabier Blanco Álvarez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

No marco do recente debate do Estado da Nación, aprobáronse unhas propostas de resolución que deben guiar ao Goberno galego na toma de decisións. Unha destas propostas do BNG, facía referencia “á necesidade de articular, dentro das súas competencias, unha axeitada distribución da riqueza e de corrección das desigualdades sociais a través de políticas orzamentarias, retomando a progresividade do sistema fiscal”, por elo, parece razoábel que por parte da Xunta de Galicia se poña en marcha unha nova política fiscal acorde co aprobado por todos os grupos en sede parlamentar.

Por todo elo, presentase a seguinte Interpelación:


¿Que cambios na política fiscal vai poñer en marcha a Consellaría de Facenda?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

Asdo.: Fernando Xabier Blanco Álvarez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 09:30**  
**Nº Rexistro: 29313**  
Data envío: 24/03/2010 19:14:11.223

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 24/03/2010 19:09:55**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 13:01  
Nº Rexistro: 29353  
Data envío: 25/03/2010 13:01:54.080

## Á Mesa do Parlamento

**María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Son xa varias as anomalías que se teñen producido nos diversos procesos de selección para o emprego público ou na promoción interna.

Un novo episodio é a participación de funcionarios en tribunais de selección, sendo opositores para un turno similar de promoción interna.

Así funcionarios que participan nos tribunais de selección de turno libre, son opositores na promoción interna. Dándose, ademais, o feito de que o presidente do tribunal é o mesmo nos dous casos. E dicir, opositores que comparten e son membros do tribunal cunha persoa van ser avaliados por esa mesma persoa como opositores.

Tratase dunha práctica que a todas luces aparece como anómala e foco de posibles tratos de favor. É moi difícil de entender por os opositores de un proceso similar, que o proceso vai reunir as necesarias garantías de imparcialidade e obxectividade. A propia Xunta reconece que é unha practica anómala cando unha vez descuberta polos medios de comunicación a incidencia, son separados do tribunal as persoas afectadas. Pero o que resulta enormemente preocupante é que a Xunta, como xa fixo anteriormente, esconda as responsabilidades políticas que hai no asunto. Non só fai iso, senón que en sede parlamentaria o grupo que sustenta ao goberno xustificou o proceder político.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Parece evidente que a tutela destes procesos ten responsabilidades políticas, e cando ocorren estes feitos, ou as filtracións do pasado, e non se toman medidas no plano político, estanse sentando as bases para que se volvan repetir situacións similares. Xa o advertimos no seu momento cando se produciron as filtración dos grupos C1 e C2 e a Xunta escapou das responsabilidades políticas. Agora prodúcese este novo episodio e, polo que vemos hoxe nos medios de comunicación, tamén outro posible caso de filtracións no SERGAS.

En pouco menos de un ano da nova administración xa se levan producido diversos feitos de enorme gravidade que poñen en cuestión o acceso ao emprego público e as súas necesarias garantías, volvendo a traer á actualidade prácticas do pasado anterior ao ano 2005, onde producíndose os feitos mais preocupantes neste ámbito nunca existían responsabilidades políticas.

Realmente o acontecido esta a producir unha enorme alarma social especialmente entre as persoas que teñen no horizonte a posibilidade de concorrer a procesos similares.

Ante isto, presentamos a seguinte Interpelación:

1.º) ¿Quen é o cargo político responsable de tutelar os procesos selectivos e os nomeamentos dos tribunais nos que se producen coincidencias de opositores con membros dos tribunais en turnos de promoción libre?

2.º) ¿Quen é o cargo político responsable de tutelar os procesos selectivos e os nomeamentos dos tribunais nos que o presidente dos tribunais dun turno coincide no



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/03/2010 13:01  
Nº Rexistro: 29353  
Data envío: 25/03/2010 13:01:54.080

mesmo con opositores que ten que xulgar en outro turno?

3.º) ¿Non considera a Xunta que esta practica pode inducir a vulnerar os principios de imparcialidade e obxectividade?

4.º) ¿Non considera a Xunta que esta practica debe eliminarse?

5.º) ¿Non considera a Xunta necesario adoptar medidas no ámbito político ante as sucesivas anomalías que se están a producir no emprego público?

6.º) ¿Estase abrindo unha nova investigación por posibles filtracións nos exames do SERGAS?

7.º) Si é así, ¿como é posible que habendo tan pouco tempo, dende que a Xunta asegurou en sede parlamentaria que tiña adoptado medidas para que non se repetiran as filtracións, volvan a aparecer sospeitas de novo?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2010.


Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 25/03/2010 12:57:28**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/03/2010 13:01**  
**Nº Rexistro: 29353**  
Data envío: 25/03/2010 13:01:54.080

**Alfredo Suárez Canal na data 25/03/2010 12:57:35**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Goberno galego dende a Consellería de Medio Rural comprometía no Plan estratéxico para o sector lácteo galego o desenvolvemento de medidas encamiñadas á mellora da competitividade das explotacións galegas, e o aumento da base territorial poñendo en marcha mecanismos na procura de acadar a mobilización de terras agrarias improdutivas.

Despois dun ano de goberno non se ten posto en marcha ningunha das medidas comprometidas, malia que o Goberno galego anunciaba coincidindo coa celebración do debate do estado de autonomía unha Lei de mobilidade de terra, co fin de favorecer o uso e a xestión do territorio sen ningunha concreción.

Por iso a deputada que asina interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Como vai acadar a nova Lei de mobilidade da terra a mellora da competitividade e o aumento da base territorial das explotacións galegas?

2.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá a nova Lei de mobilidade da terra na Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia?

3.<sup>a</sup>) Como vai incidir na potenciación e na axilización do Banco de Terras de Galicia co fin de que acade maior efectividade?

4.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá na Lei 10/1985 de 14 de agosto de concentración parcelaria de Galicia?



Grupo Parlamentario

5.<sup>a</sup>) Que outras medidas introducirá a Lei de mobilidade de terra co fin de incrementar a base territorial das explotacións galegas e a dinamización da superficie agraria útil?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2010

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:37:39**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O anterior Goberno galego aprobaba a Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

Constituíase así o Banco de Terras de Galicia e creábase a sociedade pública Bantegal coma sociedade anónima xestora do Banco de Terras de Galicia, cuxa función fundamental é acadar a mobilización das superficies agrarias útiles, favorecendo o redimensionamento das explotacións, encargándose da xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras e garantindo entre outras o cobro e o prezo establecido aos propietarios, así como a devolución da propiedade en normal estado rematado o período de arrendamento.

Coa chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galicia, múltiples foron as ocasións nas que se anunciaban modificacións da Lei do Banco de Terras de Galicia, co fin de dotalo de máis eficacia e axilidade.

Despois dun ano de goberno, durante a celebración da sesión da Comisión 7ª de Agricultura, Gandería e Montes do pasado día 18 de marzo o Goberno galego anunciaba a próxima disolución da sociedade xestora Bantegal, no marco dunha lei para reorganizar as infraestruturas de desenvolvemento rural, e ao tempo unha Lei de mobilidade de terras agrarias, anuncio que ratificaba o Goberno en rolda de prensa o pasado día 20.

Ante esta situación a deputada interpela ao Sr. conselleiro de Medio Rural nos seguintes termos:



Grupo Parlamentario

1.<sup>a</sup>) Como se vai xestionar o Banco de Terras de Galicia unha vez que o Goberno galego proceda á disolución da sociedade anónima xestora do Banco de Terras de Galicia (Bantegal)?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectará respecto da dinamización e mobilización das superficies agrarias útiles improdutivas co gallo de acadar o redimensionamento, e a ampliación da base territorial das explotacións, así como a potenciación e axilización do Banco de Terras de Galicia a disolución do Bantegal?

3.<sup>a</sup>) De que xeito vai afectar a disolución do Bantegal respecto das garantías que ofrecía aos propietarios e arrendatarios a xestión pública que desenvolvía a sociedade Bantegal?

4.<sup>a</sup>) Que outras medidas vai levar a cabo o Goberno galego para acadar maior axilidade e eficacia do Banco de Terras de Galicia?

5.<sup>a</sup>) Que modificacións introducirá a comprometida Lei de mobilidade de terras agrícolas na Lei 7/2007 do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:41:15**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Consellería de Medio Rural acaba de anunciar, tal como recolleron día diversos medios de comunicación recentemente, a apertura do proceso de contratación dunha empresa que definirá a estratexia da loita contra os incendios forestais, que se encargará de deseñar os plans de extinción así como a coordinación dos medios terrestres e aéreos, cun custe de 900.000 euros, e que prevé contratar un equipo de enxeñeiros e analistas durante a presente campaña e a do ano 2011.

Por iso a deputada que asina interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Cal é o motivo polo que a Consellería de Medio Rural contratará a unha empresa privada a planificación e coordinación da estratexia na loita contra os lumes?

2.<sup>a</sup>) Que melloras ofrecerá a xestión por parte dunha empresa privada da planificación e da estratexia fronte aos lumes?

3.<sup>a</sup>) Que tarefas desenvolverá a empresa privada que se encargará da planificación da estratexia na loita contra os incendios forestais?

4.<sup>a</sup>) Cal será a composición do equipo que levará a cabo a planificación da loita contra os lumes?

5.<sup>a</sup>) Cal será a partires de agora o cometido da Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos S.A., Seaga?

6.<sup>a</sup>) Que actuacións concretas desenvolverá a empresa pública Seaga?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2010

Asdo.: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:50:05**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Dentro da devandita orde de axudas inclúense as axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras, que establece as bases das axudas integradas no contrato de explotación sustentable, quedando excluídas das axudas da liña de Control Integrado os modos de aproveitamento pasteiro e prado.

Deste xeito quedan limitadas as axudas unicamente aos pastos non permanentes menores de 5 anos, o que supón unha redución por este motivo das axudas recibidas por explotación con prima por control integrado.

Ante esa situación a deputada que asina interpela ao Sr. conselleiro de Medio Rural nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto das reducións da liña de control integrado dentro do contrato de explotación sustentable, debido a exclusión de superficies admisibles dentro desta liña?

2.<sup>a</sup>) De que xeito afectarán, respecto da contía das axudas, as modificacións introducidas respecto das superficies admisibles dentro da liña de Control Integrado?

3.<sup>a</sup>) Como afectarán as reducións da liña de control integrado no conxunto das axudas ao contrato de explotación sustentable?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Que zonas serán as maioritariamente afectadas por tales modificacións?

5.<sup>a</sup>) Que valoración fai o Goberno galego respecto dos efectos, dende o punto de vista económico e medioambiental, consecuencia das modificacións introducidas?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 18:44:19**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Verdes Gil**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entrados xa no mes de marzo rexistráronse nos últimos días os primeiros incendios forestais de importancia na nosa Comunidade, a pesares do mal tempo.

Por outra banda, a Consellería de Medio Rural acaba de anunciar a contratación dunha empresa privada para a planificación da estratexia na loita contra os lumes, recortando a Seaga competencias e reservando as súas actuacións unicamente en casos de emerxencia forestal e do medio natural.

Por outra banda, a Consellería de Medio Rural recortou de xeito importante nos orzamentos da Xunta de Galicia o programa referido á defensa e prevención de incendios. Recortes que afectan fundamentalmente ás partidas destinadas á prevención e á aplicación de medidas preventivas en materia forestal, e de prevención de incendios.

Ante esta situación a deputada que asina formula interpela ao Sr. conselleiro de Medio Rural nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Como se está a organizar o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais na campaña para o ano 2010?

2.<sup>a</sup>) Como se está a levar a cabo a posta en marcha do dispositivo humano, así coma a dotación de medios técnicos e materiais e os equipamentos para a campaña de prevención e defensa contra incendios forestais para o ano 2010?

3.<sup>a</sup>) Que medios humanos, técnicos e materiais se van mobilizar na presente campaña de prevención e defensa contra incendios forestais?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Que dispositivo está posto en marcha neste momento?

5.<sup>a</sup>) Que dispositivo está previsto poñer en marcha durante a época de alto risco de incendios forestais?

6.<sup>a</sup>) Como se vai proceder á contratación do dispositivo humano durante a campaña 2010?

7.<sup>a</sup>) Que melloras ten previsto implementar a Consellería de Medio Rural respecto da mellora dos medios técnicos e humanos, así como da dotación e dos equipamentos na posta en marcha da presente campaña do plan de prevención e defensa contra incendios forestais?

8.<sup>a</sup>) Que melloras ofrecerá a xestión por parte dunha empresa privada da planificación e da estratexia fronte aos lumes?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Verdes Gil na data 26/03/2010 19:39:51**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Mar Barcón Sánchez, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística creada na pasada lexislatura, ten como obxectivo principal velar polos intereses comúns e protexer o patrimonio natural colectivo. A Axencia debe mellorar a calidade da ordenación urbanística, para poñela ó servizo dos cidadáns e procurar un uso racional do solo.

Dende a súa creación, moitos foron os Concellos que decidiron integrarse na dita APLU, para facilitar así a labor de inspección, ordenación, avaliación, vixilancia, formación do persoal... no que atinxe á ordenación do territorio nos seus respectivos municipios. Hoxe son case medio centenar os concellos adheridos, que delegan neste organismo unha parte importante das súas competencias urbanísticas e, polo tanto, confían na capacidade de arbitraje da Axencia para tomar decisións transcendentais que abranguen ós seus municipios.

A Axencia aprobou, mediante Resolución do 15 de decembro, o Plan de Inspección Urbanística para o ano 2010. Na devandita Resolución aparecen recollidas todas as actuacións que ten previsto a APLU neste ano, pero este Plan non foi coñecido polo Parlamento nin presentado diante del polos responsables da Consellería.

Nas pasadas semanas saltaba a noticia do cese do anterior director da Axencia, cese que foi decidido de maneira unilateral pola Consellería, sen esperar a ter acordo ningún cós Concellos na Axencia representados. Esta noticia coincidía no tempo coas alarmantes informacións acerca do Concello de Barreiros, investigado e denunciado polo director cesado. De maneira inmediata sucedéronse os cambios organizativos na Axencia, con ceses de toda a estrutura da mesma e cambios estatutarios.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Convén recordar que a APLU tiñase convertido nun organismo de inspección, seguimento e arbitraje esencial para os Concellos e para conseguir o seguimento de criterios unánimes na dirección dun urbanismo sostible e racional. As noticias destas semanas teñen levantado sospeitas de que o Goberno galego despreza esta función e se prepara para un control político da Axencia que en nada ten que ver có seu papel orixinal.

Por todo iso, as deputadas asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1. Cal é a valoración das actuacións da APLU no pasado exercicio?
2. Mantén o Goberno as previsións do Plan publicado en decembro?
3. Que actuacións diferenciais se incluírán en virtude da nova estrutura e da nova dirección da APLU?

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2010

Asdo.: Mar Barcón Sánchez  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Mar Barcón Sánchez na data 29/03/2010 10:16:44**

**Carmen Gallego Calvar na data 29/03/2010 10:16:53**

**María Remedios Quintas Álvarez na data 29/03/2010 10:16:58**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte, **Interpelación**, relativa ás previsións de cese dos ataques que o Goberno galego está a perpetrar contra o idioma propio de Galiza.

A chegada ao Goberno galego do Partido Popular supuxo a posta en marcha de medidas absolutamente agresivas para coa lingua galega. Esta estratexia, deseñada en base á construción dunha monumental mentira (a imposición do galego na Galiza), abrangue á práctica totalidade das consellarías e departamentos do Goberno galego, e ten a ver tanto coa imposición de medidas político-administrativas que relegan ou exclúen o galego, así como con liñas discursivas e de actuación práctica que devalúan e estigmatizan o noso idioma.

Así, foi posíbel comprobar en menos dun ano a materialización desa estratexia, que procura a eliminación do galego (de feito ten recibido parabéns por algún colectivo social e algunha organización política, socialmente residuais, mais caracterizados pola súa galegofobia activa) en tres chanzos fundamentais:

a) Ideolóxico-político

\*Defensa da tese absurda e acientífica de o galego ser un idioma imposto na Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

\*Prostitución do concepto de liberdade, vinculándoo ao uso do español, e asociación mecánica da lingua galega coa imposición. Substituíndo a tese tradicional galego=atraso; español= progreso, por unha nova ecuación, máis “elegante” e “moderna”. A imposición do español conleva liberdade; o galego, porén, é imposición, e mesmo adoutrinoamento ideolóxico nacionalista.

\*Ataques ás organizacións e persoas que defenden activamente a lingua galega, e silencio cómplice con actos de aberrante discriminación padecidos por persoas só por usaren o galego, incluíndo inacción deliberada en casos denunciados de discriminación e represalia laboral polo uso do galego no posto de traballo.

\*Predisposición anunciada de xeito público polo propio Presidente da Xunta, favorábel á oficialización de formas deturpadas e españolizadas dos topónimos galegos, mesmo modificando a Lei 3/1983, abrindo novamente a porta á legalización de topónimos no seu día impostos polo réxime franquista.

\*Manipulación escandalosa da vida, obra e compromiso político de nacionalistas galegos ao longo da historia, con apropiación deturpada da súa figura ao servizo do proxecto político do Partido Popular. A tradución ao español no propio Parlamento galego, por parte do propio Presidente da Xunta, do discurso “Alba de Groria”, pronunciado en galego por Daniel Castelao no exilio, no Día da Patria Galega de 1948, é o mellor exemplo da ausencia plena de escrúpulos por parte do Presidente da Xunta cando da prostitución da memoria de Castelao se tratar.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

\*Minusvaloración intencionada do propio e fascinación polo alleo. Conselleiros do Goberno que en actos públicos, e no desempeño da súa función, emiten xuízos relativos ao suposto carácter “ensimesmado” e “acomplexado” da cultura galega, mesmo sostendo a tese de que a cultura galega “limita”.

b) Lexislativo e normativo

\*Modificación do Decreto Lexislativo 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Fundación Pública de Galiza, no referente á eliminación de calquera proba obrigatoria en galego nos procesos selectivos de persoal.

\*Proceso de elaboración do denominado “Decreto de Plurilingüismo” no ensino non universitario.

\*Substitución de galescolas por “Galiñas Azuis”, e eliminación de garantías lingüísticas no ensino infantil.

\*Instrucións aos concellos, procedentes da Dirección Xeral da Administración Local, de non incluíren requisitos lingüísticos nos procesos selectivos de persoal, baixo ameaza de impugnación das probas.

\*Vulneración da Lei 4/2006, do 30 de xuño, no relativo á exclusión do galego nas actuacións públicas de moitos membros do Goberno galego (Presidente incluído) no desempeño das súas responsabilidades públicas.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

\*Exclusión do galego nas oposicións ao ensino.

\*Exclusión do galego nas oposicións á sanidade.

c) Decisións político-administrativas

\* Supresión de subsidios públicos á tradución en galego, converténdoo no único idioma do Estado español sen protección oficial neste ámbito, a diferenza do español, catalán e basco.

\* Diversas páxinas webs oficiais do Goberno galego que exclúen o galego.


\*Eliminación da dobraxe ao galego en espazos de programación infantil e xuvenil na Televisión de Galiza.

\* Exclusión do galego nas comunicacións internas do SERGAS.

\* Residualización do galego nos cursos a funcionarios e funcionarias impartidos pola Escola Galega de Administración Pública.

\*Realización de campañas por parte de Galicia Calidade no noso país, dirixidas a consumidores galegos e para a promoción de produtos galegos, en español.

\* Indicacións e sinalética do Camiño de Santiago en español (en territorio galego) a cargo do Xacobeo.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
**Nº Rexistro: 29534**  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

\* Exclusión do galego no Centro Coreográfico Galego.

\*Documentación oficial da Xunta de Galiza, dirixida tanto a particulares como a institucións públicas galegas, con exclusión do galego, mesmo deturpando as denominacións oficiais de departamentos, organismos e consellarías do Goberno galego.

\*Supresión do envío de material didáctico en galego a centros de ensino na emigración que ofrecen aulas en galego.

\*Redución de fondos económicos destinados á Real Academia Galega, unha vez que esta institución se pronuncia criticamente e manifesta a súa oposición á política lingüística do actual Goberno.

\*Forte redución dos fondos económicos destinados á normalización lingüística nos orzamentos do ano 2010.

\*Publicacións oficiais da Consellaría de Medio Rural en español, eliminando calquera presenza da lingua galega.

\*Manipulación de Uxío Novoneira, no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas, publicando en español a súa obra, a cargo da Consellaría de Cultura.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

\*Publicidade institucional do Goberno galego en emisoras radiofónicas integramente en español, baixo o epígrafe “La Xunta informa”.

Temos, daquela, un Goberno do Partido Popular que legisla e dita normativas ao obxecto de reducir aínda en maior medida a presenza da lingua galega nos ámbitos máis diversos, que toma decisións concretas para residualizalo na propia administración, que vulnera e incumpre a legalidade vixente e de obrigado cumprimento, e que inculca na sociedade os peores esquemas de desprezo, de humillación, de anulación colectiva, de autoodio. A conclusión final é ben obvia: Galiza padece un goberno do Partido Popular que ten como obxecto o exterminio da lingua galega no propio país.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Interpelación:

1.º) Por que razón incumpre o Goberno a Lei 4/2006, do 30 de xuño, no referido ao uso público da lingua galega, mesmo contrariando un recente acordo parlamentar unánime nesa mesma dirección?

2.º) Por que razón incumpre o Goberno galego o Estatuto de Autonomía de Galiza, no referente ao papel activo na defensa da lingua galega, ao realizar campañas públicas, publicacións, ou comunicacións oficiais que exclúen a lingua galega na Galiza?

3.º) Por que razón incumpre o Goberno galego o establecido no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, no seu día aprobado de xeito unánime, no relativa á incorporación do galego no sistema educativo?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/03/2010 11:42  
Nº Rexistro: 29534  
Data envío: 29/03/2010 11:42:41.538

4.º) Defende o Goberno galego que o galego é un idioma imposto na Galiza?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 29/03/2010 11:41:55**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/03/2010 10:32  
**Nº Rexistro: 29576**  
Data envío: 31/03/2010 10:32:53.447

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre o cumprimento dos acordos do Pacto local no referido á asunción por parte do Goberno galego dos gastos de mantemento dos Centros de saúde.

O 29 de decembro de 2008 asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP para dar cumprimento á Cláusula D) do apartado de financiamento do Acordo de desenvolvemento do Pacto Local de Galicia.

Establécense dous sistemas para a asunción destes gastos, ben o traspaso da titularidade do centro ao SERGAS, ben un convenio específico para a subvención dos gastos xerais de funcionamento do centro.

Dentro do marco de desenvolvemento deste Acordo, os pasados 19 de novembro e 10 de decembro de 2009, o Consello da Xunta acordou a asunción, a partires do 1 de xaneiro de 2010, dos seguintes centros de saúde: Curtis, Teixeira, Bertamiráns, Xanceda, Visantóna, Cerdido, Culleredo, Cedeira, Outes e Miño da Coruña, Cervo, San Cibrao e Vilalba de Lugo, Beade e Arnoia de Ourense e Baiona, Cerdedo, Meaño e Dena de Pontevedra.

O pasado 28 de xaneiro e o 4 de febreiro de 2010, o Consello da Xunta acordou aceptar a cesión dos seguintes centros: Muxía e Perillo da Coruña, Láncara de Lugo, Bande de Ourense e Pontecesures, Ponte Caldelas, Arcade e Valga de Pontevedra.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Algúns concellos están pendentes de resposta do Goberno galego sobre a documentación remitida ou a súa solicitude de cambio de grupo. Nalgún caso dende hai meses.


Esta situación leva ao Grupo do BNG a presentar a seguinte Interpelación:

- 1) Qué motivos existen para que non se fixera efectiva a cesión acordada nos Consellos da Xunta dos días 19 de novembro e 10 de decembro de 2009, 28 de xaneiro e 4 de febreiro de 2010 ?
- 2) En que data se farán efectivas estas cesións?
- 3) En qué data darán resposta aos concellos pendentes de resposta sobre a calificación e documentación dos centros de saúde pendentes de transferir?
- 4) Está prevista a asignación de subvencións aos concellos que queden no grupo 2 (centros que non poden ser cedidos), e, no caso de resposta afirmativa, cando se fará efectiva a mesma?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2010 10:32**  
**Nº Rexistro: 29576**  
Data envío: 31/03/2010 10:32:53.447

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 31/03/2010 10:30:36**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cales son as previsións de licitación de obra pública da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:21:12**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cando ten previsto a Xunta de Galicia crear o Consorcio de Transporte Metropolitano de Galicia ?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:22:05**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cales son as previsións da Xunta de Galicia sobre o grado de implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:22:40**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cando ten previsto a Xunta de Galicia aprobar o Plan de Modernización do Transporte Público en Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:23:29**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cal foi o grado de cumprimento do Plan Move no ano 2009?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:24:14**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Cales son as actuacións a desenvolver dentro do Plan Move para o ano 2010?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:26:51**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Román Rodríguez González e Jaime Castiñeira Broz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.****

¿Cales son as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia fronte ao Ministerio de Fomento para que se aprobe a construción dunha Autovía de Pontevedra a Lugo pasando por Cerdedo e Lalín, no novo Plan Estratéxico de Infraestructuras Terrestres (PEIT) ?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:31:04**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:31:16**

**Jaime Castiñeira Broz na data 22/03/2010 11:31:22**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Ignacio J. López Chaves-Castro e José Ferverza Costas**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Que medidas esta a adoptar a Xunta de Galicia para garantir a necesaria mobilidade dos viaxeiros entre as dúas marxes da ría de Vigo, é dicir, entre Vigo e Cangas e Moaña ?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:35:43**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 22/03/2010 11:35:50**

**José Ferverza Costas na data 22/03/2010 11:35:58**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Ignacio J. López Chaves-Castro e José Ferverza Costas**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Esta disposta a Xunta de Galicia a aprobar unha nova Lei de transporte marítimo de augas interiores de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:36:47**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 22/03/2010 11:36:54**

**José Ferverza Costas na data 22/03/2010 11:37:02**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

¿Cal é a valoración da Xunta de Galicia sobre o grado de cumprimento do Pacto do Obradoiro para o impulso do ave galego?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:37:49**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:37:58**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

¿Cales son as actuacións a desenvolver por parte do Ministerio de Fomento para dar cumprimento o Pacto do Obradoiro no ano 2010?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:39:31**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:39:39**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Román Rodríguez González e Carlos Negreira Souto**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

¿Que xestións esta a realizar a Xunta de Galicia para que se liciten os enlaces ferroviarios dos portos exteriores de Ferrol e A Coruña?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:41:19**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:41:42**

**Carlos Negreira Souto na data 22/03/2010 11:41:49**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso e Román Rodríguez González,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

¿Que xestións esta a realizar a Xunta de Galicia para que se reformen as conexións ferroviarias do eixo portuario Vigo-Marín-Vilagarcía?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 11:42:40**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 11:42:54**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

**Á Mesa do Parlamento**

**Alejandro Gómez Alonso, Manuel S. Ruiz Rivas e Román Rodríguez González, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

¿Cales son os descontos que se están a aplicar pola aplicación da nova política de peaxes da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Alejandro Gómez Alonso na data 22/03/2010 12:03:14**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/03/2010 12:03:21**

**Román Rodríguez González na data 22/03/2010 12:03:28**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....  
**José Tomé Roca**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida á Sra. conselleira de Traballo e Benestar.

En datas recentes, a páxina web do Partido Popular de Galicia, contiña unha información de autopropaganda referida ao ano de Goberno ao fronte da Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, denominada “un ano dez para Galicia”, na que aparecen e se enumeran dez feitos que supostamente melloran Galicia, pero nesas dez pretendidas melloras, non aparece nada relacionado coa área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado que asina, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


Cal e o motivo de que o propio Partido Popular, o seu partido, obedecendo ordes do Presidente, non reflecta ningunha actuación ou logro da Consellería de Traballo e Benestar en materia de emprego a pesar da crise?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: José Tomé Roca  
Deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia.

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**José Tomé Roca na data 22/03/2010 12:12:16**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:00  
Nº Rexistro: 29158  
Data envío: 22/03/2010 17:00:20.920

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Ana Luisa Bouza Santiago**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á exclusión da lingua galega en comunicacións oficiais da Consellaría de Sanidade.

A Consellaría de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ven de imprimir formularios destinados aos usuarios e usuarias da Tarxeta Sanitaria Galega para a posta en marcha dun programa de comunicación por móbil e correo electrónico.

O texto do formulario está redixido en español. E até as denominacións oficiais se deturpan, caso de “Consejería de Sanidad” (até un catro ocasións no formulario), “Servicio Gallego de Salud”, ou “Tarjeta Sanitaria de Galicia”.

Novo retroceso no uso social da lingua galega por quen ten a obriga legal de defendelas. O artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, en vigor desde hai xa 27 anos, establece literalmente o seguinte:

“Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

Pois nin oralmente nin por escrito cumpre a Consellaría de Sanidade coas súas obrigas legais en materia lingüística. Nin coa Lei de Normalización Lingüística, nin



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2010 17:00  
Nº Rexistro: 29158  
Data envío: 22/03/2010 17:00:20.920

coa Lei de transparencia, nin co Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, nin con acordos parlamentares –por certo, unánimes–, que instan a esta Consellaría a formalizar os compromisos legais aos que se debe.

Velaí un episodio máis da cruzada contra o galego que o Goberno do Partido Popular emprendeu desde que accedeu á Xunta. Neste caso, e con reiterados incumprimentos, singularízase a Consellaría de Sanidade e a súa propia titular de xeito ben patente.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida á Consellaría de Sanidade:

Por que razón a Consellaría de Sanidade fai caso omiso da legalidade vixente en materia lingüística no noso propio país?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 22/03/2010 16:22:07**

**Ana Luísa Bouza Santiago na data 22/03/2010 16:22:12**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29182**  
Data envío: 22/03/2010 18:59:48.756

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao impacto sobre o sector pesqueiro galego que supón o esgotamento da cota de captura da xarda.

A Unión Europea ven de comunicar formalmente o esgotamento no mes de marzo da cota de captura de xarda (26.000 toneladas) asignada ao Estado español, sen que no litoral galego se puidera chegar a pescar.


O BNG ten advertido desta posibilidade, de xeito formal –no Parlamento de Galiza- perante a Consellaría do Mar. Non houbo táctica nin estratexia propia. Tan só laios, seguidismo acritico e subordinación. O acontecido no ano 2009 (peche total en xuño) non foi máis que un preludio trágico á situación producida no ano 2010. E pode que tamén no 2011.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida á Consellaría do Mar:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego na defensa do sector pesqueiro galego afectado pola supresión da cota de captura de xarda?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29182**  
Data envío: 22/03/2010 18:59:48.756

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 22/03/2010 18:50:40**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín María Fernández Leiceaga,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral** para o seu debate en Pleno **co obxecto de coñecer as responsabilidades políticas do Goberno galego polos escándalos coñecidos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración Autonómica.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A finais do ano 2009 o Goberno galego derivaba toda a súa responsabilidade aos tribunais de xustiza, sen esclarecer que cargo ou cargos da Xunta de Galicia ostentaban a responsabilidade política da tutela efectiva dos procesos selectivos dos grupos C1 e C2.

Agora estamos diante dun grave caso onde os membros dos tribunais son á súa vez aspirantes a prazas dentro do mesmo subgrupo (A1), sendo examinados e valorados por compañeiros e compañeiras do mesmo tribunal ao que pertencen.

Vimos de coñecer que hai dúas persoas que, sendo opositores na promoción interna ao subgrupo A1, son compañeiros de tribunal noutros procedementos selectivos do presidente e secretaria que os está avaliando naquel.

Concretamente, trátase de dous xefes de servizo da Consellería de Facenda con responsabilidades no ámbito orzamentario e que optando polo dereito á promoción interna nun proceso selectivo, tamén son membros dos tribunais no proceso selectivo de acceso libre. En ambos os dous casos, trátase do mesmo subgrupo, o A1, no que os opositores en cuestión tamén son examinadores.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este escándalo que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao Goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

O Partido Popular vén amparando co seu silencio este tipo de prácticas tal e como se puxo de manifesto no pasado ano 2009 cando se coñeceu a existencia de filtracións nos exames das oposicións dos grupos C1 e C2.

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo evadiu daquela a súa responsabilidade derivando o proceso ao ámbito xudicial e aínda hoxe foron incapaces de dicirlle aos galegos e galegas quen é o responsable político da Xunta que asuma a responsabilidade do que sucedeu coas filtracións dos exames.

Vese con claridade unha dobre vara de medir este tipo de asuntos públicos por parte de quen agora dirixen o Goberno de Galicia e ata fai pouco formaban parte da oposición. Na pasada lexislatura o Partido Popular esixía que se asumiran responsabilidades políticas pola perda dos exames dunhas oposicións, motivo polo que un director xeral do Goberno progresista dimitiu, pero agora os mesmos que pedían dimisións gardan un clamoroso silencio.

Agora estamos diante dunha situación escandalosa que pon ás claras a falta de control e de escrúpulos por parte do Goberno de Galicia, ao permitir que os mesmos que examinan a opositores no turno de acceso libre sexan ao mesmo tempo avaliados polos seus compañeiros de tribunal para o acceso ao mesmo subgrupo da Administración.

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións e cun novo sistema de selección dos tribunais que examinan aos opositores.

Co ánimo de coñecer as responsabilidades que ten pensado tomar o Goberno galego polos graves escándalos que se están producindo nos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Administración autonómica, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Que decisións vai tomar o presidente da Xunta diante da alarma xerada entre milleiros de opositores pola gravidade dos escándalos que se están producindo nas probas de acceso á función pública de Galicia?**

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 10:33:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2010 10:33:28**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín María Fernández Leiceaga,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral** para o seu debate en Pleno **co obxecto de coñecer as responsabilidades políticas do Goberno galego polos escándalos coñecidos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración Autonómica.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

En Galicia hai milleiros de opositores que están indignados polas graves irregularidades que se veñen de producir nos procesos selectivos de acceso á función pública convocados pola Xunta de Galicia e que están sendo unha constante dende a chegada do Partido Popular ao Goberno de Galicia da man de Alberto Núñez Feijóo.

A finais do ano 2009 o Goberno galego derivaba toda a súa responsabilidade aos tribunais de xustiza, sen esclarecer que cargo ou cargos da Xunta de Galicia ostentaban a responsabilidade política da tutela efectiva dos procesos selectivos dos grupos C1 e C2.

Agora estamos diante dun grave caso onde os membros dos tribunais son á súa vez aspirantes a prazas dentro do mesmo subgrupo (A1), sendo examinados e valorados por compañeiros e compañeiras do mesmo tribunal ao que pertencen.

Vimos de coñecer que hai dúas persoas que, sendo opositores na promoción interna ao subgrupo A1, son compañeiros de tribunal noutros procedementos selectivos do presidente e secretaria que os está avaliando naquel.

Concretamente, trátase de dous xefes de servizo da Consellería de Facenda con responsabilidades no ámbito orzamentario e que optando polo dereito á promoción interna nun proceso selectivo, tamén son membros dos tribunais no proceso selectivo de acceso libre. En ambos os dous casos, trátase do mesmo subgrupo, o A1, no que os opositores en cuestión tamén son examinadores.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este escándalo que vén de coñecer a opinión pública deixa en moi mal lugar ao Goberno galego, como máximo responsable dos procesos selectivos de acceso á función pública, e alimenta, si cabe máis aínda, a desconfianza de milleiros de opositores sobre a limpeza dos procesos selectivos na Xunta de Galicia.

O Partido Popular vén amparando co seu silencio este tipo de prácticas tal e como se puxo de manifesto no pasado ano 2009 cando se coñeceu a existencia de filtracións nos exames das oposicións dos grupos C1 e C2.

O Goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo evadiu daquela a súa responsabilidade derivando o proceso ao ámbito xudicial e aínda hoxe foron incapaces de dicirlle aos galegos e galegas quen é o responsable político da Xunta que asuma a responsabilidade do que sucedeu coas filtracións dos exames.

Vese con claridade unha dobre vara de medir este tipo de asuntos públicos por parte de quen agora dirixen o Goberno de Galicia e ata fai pouco formaban parte da oposición. Na pasada lexislatura o Partido Popular esixía que se asumiran responsabilidades políticas pola perda dos exames dunhas oposicións, motivo polo que un director xeral do Goberno progresista dimitiu, pero agora os mesmos que pedían dimisións gardan un clamoroso silencio.

Agora estamos diante dunha situación escandalosa que pon ás claras a falta de control e de escrúpulos por parte do Goberno de Galicia, ao permitir que os mesmos que examinan a opositores no turno de acceso libre sexan ao mesmo tempo avaliados polos seus compañeiros de tribunal para o acceso ao mesmo subgrupo da Administración.

A situación xa descrita está creando unha gran preocupación en miles de opositores que non ven garantías suficientes á hora de afrontar as probas dos diferentes procesos selectivos que están pendentes de celebrarse na Administración Autonómica.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos entendemos que é necesario facer un cambio en profundidade dos sistemas e procedementos que se seguen para a elaboración e celebración das probas de acceso ao emprego público.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os socialistas galegos propoñemos que se melloren os mecanismos que rexen as probas de acceso á función pública co obxecto de garantir a limpeza e a imparcialidade das citadas probas, utilizando as ferramentas e software existentes para minimizar os riscos de filtracións e cun novo sistema de selección dos tribunais que examinan aos opositores.

Co ánimo de coñecer as responsabilidades que ten pensado tomar o Goberno galego polos graves escándalos que se están producindo nos procesos selectivos de acceso ao emprego público na Administración autonómica, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Quen é o responsable político dos graves escándalos que se están producindo nas probas de acceso ao emprego público na Administración autonómica?**

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2010

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 23/03/2010 10:35:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2010 10:35:58**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso e Carlos Ignacio Aymerich Cano**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta oral en Pleno**, relativa ao centro de día de Mondariz.

Construído polo Goberno Galego anterior, a construción do centro de día de Mondariz tivo un orzamento total de 1.131.007 euros, cunha participación do propio Concello de da Deputación Provincial de Pontevedra.

Feito para dar resposta a unha demanda das persoas cunha situación de dependencia e para favorecer a estancia no propio entorno e a integración social, foi realizado para dar un servizo de benestar cunha capacidade de 40 prazas.

A data de hoxe, fai mais dun ano que esta rematado e nen o alcalde nen o novo xerente do Consorcio Galego de Benestar son quen de informar cando vai ser posto en marcha nin con que criterios vai procederse a súa apertura.

Fronte ao anuncio de inicio de novos centros dos cales moitos non teñen nin tan sequera proxecto, parece do máis lóxico e razoábel que se abran os xa construídos, caso do de Mondariz, e dar así unha resposta acaída e en tempo e forma.

Dadas as repercusións graves que xa esta xerando esta inacción é polo que formulamos a seguinte pregunta con resposta oral en Pleno dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Cales son as previsións feitas polo Goberno Galego para a equipación,  
apertura e posta en marcha do centro de día xa rematado en Mondariz ?.**

Santiago de Compostela, 22 de Marzo do 2010

**Asdo. Henrique Viéitez Alonso**

**Carlos Aymerich Cano**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Viéitez Alonso na data 23/03/2010 10:57:04**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/03/2010 10:57:07**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil e Marisol Soneira Tajés, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

Dentro da devandita Orde de axudas inclúense as axudas de indemnización compensatoria dirixidas a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas da montaña, e cumpren unha serie de requisitos establecidos na devandita orde, sendo a contía mínima de indemnización compensatoria 300 euros, e a máxima de 2.500 euros por explotación.

Na dita orde de axudas, introdúcese unha diferenza nas superficies consideradas en cada categoría de aproveitamentos, incorporando aos pastos arbustivos e aos prados con arboredo un coeficiente redutor de 0,15.

Por iso as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:


Que valoración fai o Goberno galego respecto da diminución das axudas de indemnización compensatoria, debido ás modificacións que introduce a orde de axudas de indemnización compensatoria dirixida a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas da montaña?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil  
Marisol Soneira Tajés  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**Sonia Verdes Gil na data 23/03/2010 16:59:54**

**Marisol Soneira Tajés na data 23/03/2010 17:00:00**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Rosendo-Luís Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, José Manuel Baltar Blanco e Yolanda Díaz Lugilde**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

No Consello da Xunta do 11/03/2010, aprobouse o Decreto para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario. Con este texto preténdese recoñecer o prestixio de profesionais sanitarios xubilados e facilitar, durante o período de tempo establecido e mentres as súas condicións de saúde o permitan, a existencia dunha relación activa coa institución sanitaria.

O Decreto será de aplicación ao persoal licenciado en medicina e cirurxía que cese como estatutario fixo ao acceder á condición de xubilado, que teña unha traxectoria especialmente distinguida na asistencia, na docencia ou na investigación sanitaria e que estivera prestando os seus servizos no Servicio Galego de Saúde no momento da súa xubilación.

Polo o exposto, os deputados asinantes preguntan a Consellería de Sanidade:

¿Cales van ser as funcións a realizar por este persoal emérito?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 17:55:44**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 17:55:47**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 23/03/2010 18:08  
**Nº Rexistro: 29239**  
Data envío: 23/03/2010 18:08:15.055

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 17:55:52**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 17:56:00**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 17:56:05**



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

**Rosendo-Luis Fernández Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Dámaso López Rodríguez, Yolanda Díaz Lugilde e José Manuel Baltar Blanco**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Segundo se puido saber, a Consellería de Sanidade ten intención, e mesmo empezou a traballar, no deseño dun aplicativo informático denominado “Expedient-e único do profesional”, que tería como finalidade centralizar e unificar os méritos de todos/as traballadores do sistema sanitario público galego.

Desta maneira, os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada, etc., etc., así como outras actividades, serían achegados unha única vez polo profesional, e entenderíana presentados para todos os procesos xestionados na área de Recursos Humanos na que o profesional queira participar.

Polo o exposto, desexa saber da Consellería de Sanidade.

¿Cales serían as vantaxes para a Administración Sanitaria – enténdase a propia administración e profesionais-, de levarse a cabo este aplicativo informático?

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n  
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/03/2010 18:09**  
**Nº Rexistro: 29241**  
Data envío: 23/03/2010 18:09:15.163

**Rosendo Luis Fernández Fernández na data 23/03/2010 18:01:40**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 23/03/2010 18:01:43**

**Dámaso López Rodríguez na data 23/03/2010 18:01:48**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 23/03/2010 18:01:54**

**José Manuel Baltar Blanco na data 23/03/2010 18:02:01**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 09:30  
**Nº Rexistro: 29249**  
Data envío: 23/03/2010 18:39:11.910

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos anuncios institucionais do Goberno galego que exclúen a lingua propia de Galiza en emisoras radiofónicas.

O Goberno galego está a emitir a través de emisoras radiofónicas anuncios institucionais, oficiais, que discriminan gravemente a lingua galega. Os inserimentos publicitarios, integramente en español, teñen a ver co anunciado fin da televisión analóxica e a súa substitución polo TDT, co obxecto de apercibir á audiencia do previsíbel e inminente “apagón” analóxico.

Descoñece o BNG os motivos técnicos que levan ao Goberno galego a prescindir do noso idioma na información que traslada a través dos medios de comunicación. Unicamente poden ser razóns de carácter ideolóxico-político, vinculadas á cruzada contra a lingua e cultura do noso país emprendida polo Goberno do Partido Popular desde que accedeu á Xunta.

Este Goberno, con tal de combater e eliminar a lingua galega de calquera esfera ou ámbito público, está disposto absolutamente a todo. Mesmo a conculcar a propia legalidade vixente e, por suposto, a vulnerar o dereito do pobo galego a recibir información no idioma propio da súa Terra.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que a lingua galega non é apta para emitir informacións oficiais en emisoras radiofónicas sobre a nova entrada en vigor da TDT?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 23/03/2010 18:35:05**





**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

## **Á Mesa do Parlamento**

Ignacio López-Chaves Castro, Rosa Oubiña Solla, José Ferverza Costas, Román Rodríguez González e Marta Valcarcel Gómez, deputados do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A moi deficiente actuación do Goberno Municipal do Concello de Vigo en relación co cumprimento polo Organismo Autónomo Municipal Parques das Ciencias Vigo-zoo das obrigas establecidas na Lei 31/2003, de 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, obrigou a conceder pola Xunta de Galicia prorrogas para adecuación das instalacións a referida normativa

Os continuos retrasos, a deficiente xestión, a falla de cumprimento dos compromisos polo Concello de Vigo e o intento de transmitir a sociedade de que todo estaba ben cando coñecían que non era certo, esixe que poidamos no Parlamento ter a información do que sucedeu neste tema.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a actuación da Xunta de Galicia no cumprimento polo Organismo Autónomo Municipal Parques das Ciencias Vigo-zoo das obrigas da Lei 31/2003, de 27 de outubro?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/03/2010 10:23  
**Nº Rexistro: 29262**  
Data envío: 24/03/2010 10:23:59.908

**Asinado dixitalmente por:**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/03/2010 10:22:46**

**Rosa Oubiña Solla na data 24/03/2010 10:22:51**

**José Fervenza Costas na data 24/03/2010 10:22:58**

**Román Rodríguez González na data 24/03/2010 10:23:05**

**Marta Valcárcel Gómez na data 24/03/2010 10:23:12**



## **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

### **Á Mesa do Parlamento**

**Emma Alvarez Chao, José Manuel Balseiro Orol, Ignacio J. López-Chaves Castro e Marisol Piñeiro Martínez** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

A finais do século XX, no ano 1905 dous irmáns emigrantes en Cuba, os irmáns Pedro e Juan Moreno Ulloa, inician, ao lado do pazo de Ibáñez en Ribadeo a construción dun edificio que hoxe é o edificio máis representativo da vila mariñana, é o coñecido como a Torre dos Morenos, por ser esta, o elemento que máis destaca na súa construción.

De planta rectangular, consta de cinco plantas, cunha concepción moi avanzada para a época polo emprego dunha estrutura mixta de formigón e ferro. Alcanza un alto perfeccionismo en alicatados, solos de mármore, forxas de ferro e cristaleiras. Destaca especialmente a torre cunha pequena cúpula sostida por catro cariátides e techume roxiza de cerámica vidriada. É de estilo ecléctico con ornamentacións que apuntan ao modernismo.

Na actualidade a Torre dos Moreno, cúa propiedade está nun 79% en mans privadas e nun 21 % en mans do Concello de Ribadeo, é a imaxe do abandono: cornisas desprendidas, cascotes que colgan do voladizo de rede metálica que se colocou na fachada despois de que un fragmento de formigón caese sobre a capota dun coche, desconchados nas paredes, herbas que asoman nas balconadas, ferros carcomidos, etc..

En relación a este asunto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta.



**Grupo Parlamentario  
Popular de Galicia**

¿Ten pensado a Xunta de Galicia actuar sobre este inmovible para evitar o seu desplome?

Santiago de Compostela, 24 de Marzo de 2010

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 24/03/2010 13:08:35**

**José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2010 13:08:42**

**Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 24/03/2010 13:08:49**

**María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 24/03/2010 13:08:54**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 13:26  
Nº Rexistro: 29287  
Data envío: 24/03/2010 13:26:19.791

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, en relación cos Premios da Cultura Galega.

Na sesión plenaria do 23 de Marzo o Conselleiro de Cultura e Turismo rectificaba a decisión de privar á cultura galega duns premios para recoñecer a labor dos nosos creadores e creadoras. Mais segundo as súas propias palabras “era necesaria unha reformulación”. A reformulación pola que opta a Consellaría non vai pola vía de mellorar e ampliar, senón simplemente reducir. Das dez categorías da edición dos Premios Nacionais da cultura galega, temos a versión reducida a cinco e a eliminación da referencia “nacional” a quen esta consellaría parece ter aversión. Concretamente as categorías de Arquitectura, Audiovisual, Cultura de base, Cultura científica, Música e Iniciativas desaparecen, non merecendo mención nin recoñecemento por parte da Xunta de Galiza. Require como mínimo unha explicación esta decisión, pois non hai razóns obxectivas para que desaparezan estas categorías. Non son acaso cultura? Non son estas disciplinas dignas dun recoñecemento por parte do Goberno Galego?

Parécenos ben que o goberno rectifique nesta materia, mais non entendemos as razóns que levan a esta redución. Se botamos man da comparación, semellan demasiado cativo o recoñecemento. Os Premios Nacionais de Cultura que outorga o Goberno español teñen vinteseite categorías, os de Cataluña dezasete. Para a actual Xunta de Galiza dez categorías debían ser un exceso e demostran o seu apoio e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2010 13:26  
Nº Rexistro: 29287  
Data envío: 24/03/2010 13:26:19.791

promoción da cultura cuns mini-premios que deixan fóra a unha boa parte dos nosos creadores e creadoras.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

